SEXTO.- Que, por Resolución de 5 de decembro de 2017 da Entidade Pública Empresarial Red.es (en diante "Red.es"), aprobouse a Convocatoria de axudas para o desenvolvemento do Plan Nacional de Territorios Intelixentes da Axenda Dixital para España, Pilotos de Edificios Intelixentes, cuxo extracto foi publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 316 de 29 de decembro de 2017.

SÉTIMO.- Que o Concello de Vigo presentouse á mencionada Convocatoria co proxecto "Vigo Edificios Intelixentes. Unha Cidade para as persoas. Accesible, Eficiente e Comprometida" (en diante "VEI"), o cal se desenvolveu como unha unidade lóxica de actuación respecto ao modelo de benestar da cidade de Vigo dirixido ao obxectivo común de mellorar a calidade de vida de todos os cidadáns, onde se identifica a 172 edificios cuxa localización e distribución, de acordo co principio de equidade xeográfica, serven para integrar unha Rede Intelixente como núcleo que informa o proxecto. Na seguinte ligazón pódese acceder ao dossier informativo relativo a este proxecto:

<https://www.red.es/es/iniciativas/proyectos/objetos-internos-de-ciudad/vigo>

OITAVO.- Que finalizado o prazo establecido para resolver os defectos emendables, a Comisión de Avaliación emitiu, con data 5 de decembro de 2018, o Informe co resultado das emendas requiridas, incluíndo ao Concello de Vigo na lista de solicitantes admitidos, que se publicou no perfil do contratante de Red.es o 13 de decembro de 2018.

En virtude da orde de prelación establecido e tendo en conta a territorialización do orzamento contemplada no apartado oitavo da Convocatoria, o Director Xeral de Red.es resolveu, o 27 de febreiro de 2019, seleccionar como beneficiario ao Concello de Vigo con indicación do orzamento solicitado, a puntuación total obtida tras a avaliación dos criterios de outorgamento das axudas e a contía máxima da axuda.

Entidade Local	Nome e iniciativa	Orzamento Máximo	Acheга Red.es	
			% Cof.	Contía Máxima
Concello de Vigo	Vigo Edificios Intelixentes	4.999.999,98 €	80%	3.999.999,98 €

En consecuencia, de conformidade co exposto, as partes asinantes acordan formalizar o presente Convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O Convenio ten por obxecto establecer, no marco da Convocatoria, os termos da colaboración para o desenvolvemento, implantación de sistemas de xestión, sensorización e posta en produción do proxecto piloto, así como para o tratamento da información procedente ou con destino aos edificios do antigo Reitorado (actual sede do CZFV) e do Centro Comercial A Laxe, de titularidade do CZFV, integradas na xestión intelixente do municipio, como un nodo IoT (Internet of Things), que achegue a información de carácter non persoal.

O fin común é o establecemento dos mecanismos de intercambio de información entre a cidade e os anteditos edificios que se consideren necesarios dos casos de uso que se detallan no Anexo I, tendo en conta o especificado nas normas seguintes ou aquelas que as modifiquen ou substitúan:

- UNE 178108:2017 Cidades Intelixentes. Requisitos dos edificios intelixentes para a súa consideración como nodo IoT segundo a Norma UNE 178104.

SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DAS PARTES.

De conformidade co previsto nas Bases da Convocatoria, para o cumprimento dos obxectivos descritos na cláusula primeira, o Concello de Vigo e o CZFV adquiren as seguintes obrigacións supeditadas ao estipulado no marco das actuacións do proxecto "VEI" e ás propias obrigacións acordadas no convenio asinado polo Concello de Vigo con Red.es, para o desenvolvemento deste:

a) Obrigacións conxuntas:

a.1) Colaborar ao longo de todas as fases, no desenvolvemento do proxecto "Vigo Edificios Intelixentes" nos edificios obxecto do proxecto, para realizar os labores de integración e/ou intercambio de datos relacionadas no anexo I.

a.2) Destinar os recursos técnicos e humanos que resulten necesarios para garantir a execución do proxecto piloto obxecto do presente convenio.

a.3) Tratar os datos obtidos mediante este sistema adoptando as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal facilitados, así como para evitar a súa alteración, perda ou tratamento non autorizado, conforme coa cláusula sobre protección de datos incluída neste Convenio.

a.4) Acordar toda comunicación externa que se realice relativa ao proxecto piloto.

b) Obrigacións do Concello de Vigo:



Concello de Vigo

b.1) Cumprir as condicións FEDER e destinar as infraestruturas e elementos tecnolóxicos obxecto da axuda en especie nos termos e coas finalidades establecidas nas Bases da Convocatoria.

b.2) Conservar a documentación xustificativa da actuación e a solicitude de subvención durante o período durante o cal poidan, as actuacións, ser obxecto de control e supervisión.

b.3) Para a realización do proxecto piloto, o Concello de Vigo soportará, nos termos establecidos na Convocatoria e durante o período de vixencia do convenio, sen carácter exhaustivo, as seguintes tarefas:

- Realización de labores de mantemento preventivo e correctivo necesarios que permitan que os equipos estean dispoñibles durante o período de vixencia do convenio.
- Realización de modificacións de hardware ou software necesarias para realizar a integración coa plataforma da cidade dos dispositivos e nodo IoT.

b.4) Facilitar ao CZFV o acceso á información xerada ou recollida polo Concello que puidese ser de relevancia para o funcionamento dos edificios, e por tanto, para a mellora do servizo destes e a súa integración coa cidade.

b.5) Facilitar información relativa ao resultado final do proxecto piloto, co obxectivo de valorar por parte do CZFV a aplicabilidade noutros edificios da súa titularidade. Dita información será catalogada como confidencial non podendo o CZFV divulgala nin publicala a terceiras partes.

b.6) Proporcionar as comunicacións necesarias entre os dispositivos/sensores co nodo IoT así como entre o nodo IoT e a Plataforma Cidade.

b.7) Facilitar os datos necesarios, ao obxecto de medir os resultados, coa periodicidade que se estableza na Comisión de Seguimento.

b.8) Facilitar o acceso ao nodo IoT ao CZFV, de forma que poida dispor da información dos sensores en tempo real.

b.9) Cumprir e facer cumprir as instrucións necesarias para a debida observancia das normas de seguridade, así como para o cumprimento da normativa interna do Consorcio da Zona Franca de Vigo, para os traballos a realizar dentro dos edificios.

c) Obrigacións do Consorcio da Zona Franca de Vigo:

c.1) Facilitar os espazos dos edificios para a instalación dos dispositivos acordados polas partes, así como as subministracións (electricidade) e servizos necesarios da infraestrutura física nos mesmos para a realización deste proxecto.

c.2) Facilitar a información propia do CZFV correspondente á xestión dos edificios que se dispoña para o desenvolvemento dos casos de uso previstos no anexo I.

TERCEIRA.- COMPROMISOS ECONÓMICOS ASUMIDOS POR CADA UNHA DAS PARTES.

O presente Convenio non xerará nin dará lugar a ningunha clase de contraprestación económica entre as partes.

CUARTA.- SEGUIMIENTO E XESTIÓN DO CONVENIO.

Para velar polo cumprimento das obrigacións asumidas polas partes, así como pola correcta execución das actuacións recollidas no presente Convenio, crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes, ou persoas en que estas deleguen:

- Por parte do Concello de Vigo:
 - Dous técnicos municipais, nomeados ao efecto por parte da Concellería responsable do Servizo de Administración electrónica.
- Por parte do Consorcio da Zona Franca de Vigo:
 - Dous representantes, nomeados ao efecto polo Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

A Comisión de Seguimento asumirá as seguintes funcións:

- a Levar a cabo o seguimento das actuacións incluídas no presente Convenio e informar o seu desenvolvemento.
- b Promover a coordinación necesaria para a realización de estudos, desenvolvendo cantas accións se estimen necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do Convenio.
- c Velar polo cumprimento dos prazos que se fixen.
- d Resolver as cuestións que se susciten na interpretación e cumprimento do presente Convenio.
- e Informar as partes dos atrasos e incidencias que se poidan presentar durante a execución do convenio, propoñendo, no seu caso, os axustes necesarios na execución dos casos de uso detallados no Anexo I.

Os membros da Comisión, ou persoas en que estes deleguen, reuniranse polo menos unha vez ao ano, co obxecto de valorar os resultados da proba piloto, adoptándose os acordos que procedan por unanimidade dos membros.

A Comisión celebrará reunións extraordinarias cando así o requiran os asuntos a tratar ou o solicite algunha das Partes cunha antelación mínima de 7 días.



Concello de Vigo

Cando as Partes o consideren necesario e así o acorden, poderán incorporarse á Comisión técnicos do Concello de Vigo e/ou do CZFV para o cumprimento das funcións que a mesma ten encomendadas.

A Comisión de Seguimento poderá delegar nunha Subcomisión Técnica, designada ao efecto, o estudo dos aspectos técnicos pertinentes, reservándose en todo caso a decisión final sobre os mesmos.

A representación do Concello de Vigo presidirá a Comisión de Seguimento do Convenio.

As copias das actas das reunións desta Comisión, así como os documentos ou informes que se emitan no desenvolvemento e execución das funcións asignadas á Comisión, serán remitidas aos representantes de cada unha das partes ou a quen estes designen.

O réxime de funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

As Partes se comprometerán a manter o criterio de confidencialidade de todos os datos e informacións intercambiados entre elas e que sexan concernentes ao obxecto do Convenio, debendo as Partes manter a dita información en reserva e segredo e non revelala de ningún modo, en todo ou en parte, a ningunha persoa física ou xurídica que non sexa parte do Convenio, tanto durante o prazo de vixencia deste, como despois da súa expiración, sen a autorización expresa da outra Parte.

Así mesmo, e con excepción do establecido expresamente no presente Convenio, as Partes obríganse a manter a máis estrita confidencialidade respecto ao intercambio de información, comprometéndose a adoptar todas as medidas que sexan necesarias para asegurar o cumprimento desta obrigaición polos seus respectivos empregados e/ou colaboradores.

Os datos persoais tratados no marco do presente Convenio, por ambas as Partes, o serán conforme ás disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Cada unha das partes será responsable do tratamento dos datos persoais solicitados da outra parte. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión e execución das actuacións obxecto do presente Convenio, conservándose os mesmos durante a vixencia deste e, en todo caso, o tempo posterior que sexa legalmente necesario. Os datos poderán ser comunicados ás Autoridades para cumprir coas obrigaicións legais derivadas do Convenio.

Infórmase as persoas interesadas do seu dereito ao acceso, rectificación, supresión, limitación ou a opoñerse ao tratamento dos seus datos, así como do dereito á portabilidade dos mesmos, cando sexa necesario, dirixindo un escrito acompañado

dunha fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou outro homólogo (NIE) con asunto "Protección de Datos" ás seguintes direccións:

Para o Consorcio da Zona Franca de Vigo:

- Enderezo postal: C/ Areal, nº 46, 36201 Vigo.
- Enderezo de correo electrónico: lopd@zonafrancavigo.com

Para el Ayuntamiento de Vigo:

- Enderezo postal: Praza do Rei nº1, 36202 Vigo
- Enderezo de correo electrónico: dpd@vigo.org

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, cando entendan que se vulneraron algún dos seus dereitos ou se trataron os seus datos de forma ilexítima.

As persoas interesadas poderán dirixirse ao Delegado de Protección de Datos de cada un dos responsables, en caso de existir esta figura, a través dalgunha das canles máis arriba indicadas.

SEXTA.- VIXENCIA E DURACIÓN.

A vixencia do presente convenio, conforme ao establecido no apartado 1º do artigo 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, estenderase ata que transcorran o cinco anos previstos no artigo 71 do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, para a duración das operacións que comprendan investimentos cofinanciados con Fondos FEDER e na base decimoprimeira da Convocatoria.

O convenio resultará eficaz unha vez se inscriba no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do Sector Público Estatal e se publique no Boletín Oficial do Estado, sen prexuízo da súa publicación facultativa no Diario Oficial da Xunta de Galicia ou no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Todo isto de conformidade co disposto no artigo 48.8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No caso de que a execución das actuacións que se recollen no presente Convenio requira dun período superior de tempo, as partes comprométense a tramitar, coa suficiente antelación ao fin da sinalada vixencia, a necesaria prórroga, de conformidade co previsto no apartado 2º do artigo 49.h) da mencionada Lei, observándose para iso o mesmo procedemento seguido para a súa autorización.



Concello de Vigo

SÉTIMA.- RÉXIME DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO E PRÓRROGA.

Conforme o establecido no artigo 49.g) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a modificación do contido deste convenio e/ou a súa prórroga requirirá acordo unánime dos asinantes.

OITAVA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN.

O presente Convenio extinguirase, ademais de por o cumprimento ou conclusión de todas as actuacións contidas no mesmo, por algunha das seguintes causas de resolución:

- As sinaladas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.
- Imposibilidade sobrevinda para o seu cumprimento.
- Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no convenio.
- Cambios excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o convenio.

En caso de extinción por causa diferente á conclusión das actuacións obxecto do presente Convenio, a Comisión de Seguimento propondrá as condicións para a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Resolto o Convenio, por calquera causa, todos os dereitos e obrigacións nados con anterioridade á extinción deste serán liquidados e cumpridos por todas as partes, sen prexuízo dos dereitos e obrigacións que resulten da mencionada extinción para as mesmas, conforme á Lei, ou ao disposto no presente Convenio.

NOVENA.- TRANSMISIÓN DA PROPIEDAD E RESPONSABILIDADE.

Conforme ao establecido na base decimosegunda da Convocatoria, a propiedade de todo o equipamento e demais bens achegados por Red.es como axuda en especie será transmitida ao Concello de Vigo no momento en que os mencionados bens sexan postos á súa disposición no lugar que se sinale ao efecto.

O Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 71 “Durabilidade da operación” do Regulamento (UE) Nº 1303/2013, garantirá que a operación non sufrirá unha modificación substancial antes de transcorridos cinco anos desde o seu termo que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que outorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas, e que se derive dun cambio na natureza da propiedade dunha infraestrutura ou do cesamento dunha actividade produtiva.

Unha vez finalizado o citado prazo de cinco anos, no prazo adicional máximo de 30 días, o Concello de Vigo comprométese a retirar, á súa costa, os dispositivos e equipos instalados nos edificios titularidade do CZFV, no marco do proxecto piloto, en coordinación con este e a deixar as instalacións no mesmo estado no que se atopaban con anterioridade ao comezo das actuacións do proxecto, asumindo os custos derivados de calquera tipo de danos, reparacións, reposición ou extravío dos bens mobles e inmobles, incluíndo a súa limpeza e os eventuais danos que poidan producirse sobre as persoas.

O anterior entenderase sen prexuízo da posibilidade de continuar a colaboración que articula o presente convenio mediante a prórroga deste, conforme ao previsto no artigo 49.h).2º da mencionada Lei 40/2015, ou de continuar as actuacións no marco dun novo convenio.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN.

O presente Convenio ten carácter administrativo e estará suxeito á normativa administrativa en vigor, sendo de aplicación, en todo o non previsto no mesmo, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As partes acordan que as cuestións que poidan xurdir na interpretación e/ou cumprimento do presente Convenio serán dirimidas no seo da Comisión de Seguimento.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento do presente Convenio se residenciarán na orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, asíñase o presente documento na data da última firma dixital.

O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro
de Fomento e Servizos do Concello de Vigo

A Vogal Substituta do Delegado
Especial do Estado no Consorcio da
Zona Franca de Vigo

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D^a. Ana María Mejías Sacaluga

ANEXO I

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO PILOTO DE EDIFICIO INTELIXENTE PARA A INTEGRACIÓN DA INFORMACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, DA NECESIDADE PÚBLICA QUE SE PRETENDE ATENDER E OS SEUS OBXECTIVOS

O presente anexo detalla os casos de uso para os que é necesario o desenvolvemento, implantación de sistemas de xestión, sensorización e posta en produción dos pilotos, así como para o tratamento da información procedente ou con



Concello de Vigo

destino aos edificios de titularidade do Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZJV), integrados na xestión intelixente do municipio, como un nodo IoT (Internet of Things), que achegue a información de carácter non persoal.

Igualmente, establécense os mecanismos de intercambio de información entre a cidade e os edificios que se consideren necesarios para desenvolver os casos de uso descritos.

Desta forma, coa execución do Proxecto Piloto, preténdese desenvolver as actuacións de instalación de elementos de sensórica para a integración dos datos do ANTIGO EDIFICIO DO REITORADO (actual sede do Consorcio da Zona Franca de Vigo) E DO CENTRO COMERCIAL A LAXE coa plataforma da cidade, mediante un nodo IoT (“Internet of Things”), de tal forma que se dispoña de información integrada que permita desenvolver os casos de uso que se describen a continuación.

Durante a execución do proxecto, e baixo a supervisión da Comisión de Seguimento do Convenio, identificaranse e acordarán as necesidades concretas para cada caso de uso, isto é, a súa priorización e alcance, así como a información que se dispoña a intercambiar entre a Cidade e os edificios.

ANTIGO EDIFICIO DO REITORADO	CENTRO COMERCIAL A LAXE
CASOS DE USO	SISTEMAS
CU01. Determinación da calidade de vida e benestar cidadáns	S23: Elementos de visualización
CU03. Análise intelixente do consumo de auga e detección de fugas na rede	S02: Monitorización consumos de auga
CU04. Análise intelixente do consumo de enerxía eléctrica e térmica en edificios	S03: Medición consumo eléctrico
	S04: Medición consumo térmico
CU05. Deteccións de picos de consumo non xustificadas	S03: Medición consumo eléctrico
	S04: Medición consumo térmico

ANTIGO EDIFICIO DO REITORADO	CENTRO COMERCIAL A LAXE
CASOS DE USO	SISTEMAS
CU07. Calidade do aire no interior de edificios	S06: Avaliación da calidade do aire interior
	S09: Detección de fumes
	S08: Avaliación contaminación CO
	S07: Avaliación contaminación gas radon
CU09. Control de ruído interior	S10: Medida ruído interior
CU12. Confort térmico	S14: Medición equilibrio térmico óptimo
CU13. Calidade lumínica	S15: Medición del confort lumínico
CU14. Creación dun horario dinámico para a estimación da demanda do transporte urbano	S18/S19: Contaxe de persoas entrada/saída de edificios e espazos públicos
CU16. Relación con espazos naturais ou urbanos de convivencia ENUC	S16: Monitorización de fitos de natureza urbana
CU17. Análítica de mercadorías en contorna urbana para conseguir un transporte sostible	S17: Monitorización e control de vehículos



Concello de Vigo

ANTIGO EDIFICIO DO REITORADO	CENTRO COMERCIAL A LAXE
CASOS DE USO	SISTEMAS
CU18. Medida de ocupación en edificios e espazos públicos	S18/S19: Contaxe de persoas entrada/saída de edificios e espazos públicos
CU20. Xestión de eventos nos espazos comerciais	S18/S19: Contaxe de persoas entrada/saída de edificios e espazos públicos
CU22. Resposta inmediata e coordinada ante problemas derivados dos grandes eventos	S06: Avaliación da calidade do aire interior
	S07: Avaliación contaminación gas radon
	S08: Avaliación contaminación CO
	S09: Detección de fumes
	S14: Medición equilibrio térmico óptimo
	S18/S19: Contaxe de persoas entrada/saída de edificios e espazos públicos
CU24. Analítica da transitividade para o fomento do transporte activo	S22: Monitorización do transporte activo

O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos do Concello de Vigo

A Vogal Substituta do Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D^a. Ana María Mejías Sacaluga

3(832).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTROS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 16182/111.

Dase conta do informe-proposta de data 05/10/2023, asinado pola letrada titular de Asesoría Xurídica Municipal e conformado pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1. Contencioso

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Retribucións. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso Apelación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento orixe	Exptes. administrativos
14625/111	346/2022	576	05/07/2023	RC-A nº 277/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 81 de 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	38102/220 35363/220
14652/111	351/2022	577	05/07/2023	RC-A nº 328/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 92/2022 do 15/03/2022, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/2020 38149/220 38266/220

Estas sentenzas, que non son firmes (recorridas en casación), resolven o recurso de apelación dos actores contra as sentenzas da instancia estimándoos, revogan as sentenzas apeladas e declara o dereito dos actores a:

1º) Percibir os "pluses de festividade e nouturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos".

2º) Percibir as "horas extraordinarias ou de exceso de xornada" segundo a "fórmula contida no feito segundo da demanda".



Concello de Vigo

3º) O aboamento das cantidades correspondentes aos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial e ata novembro do 2020 "no caso das horas extraordinarias".

2.- Contencioso. Expediente nº 14556/111

Sentenza nº 610 do 14 de xullo de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña

Recurso de apelación: 261/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Retribucións. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local

Expte(s): 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve o recurso de apelación do actor contra a sentenza de instancia estimándoo, revoga a sentenza apelada e declara o dereito do actor a percibir os "pluses de festividade e nouturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos", e condena ao Concello ao aboamento das cantidades deixadas de percibir por estes conceptos nos últimos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial. Inadmite a a pretensión relativa ao percibo das horas extraordinarios ou de exceso de xornada consonte a fórmula contida no feito segundo da demanda por desviación procesual.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 386/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 39 de 17/02/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 07/04/2022

3.- Contencioso

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (Bombeiros)

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso	Núm. Sentenza	Data Sentenza
13100/111	257/2020 P. Ordinario	154	06/06/2023
12983/111	211/2020 P. Ordinario	171	13/07/2023

Estas sentenzas, ditadas en execución do resolto en apelación, analizan e resolven a pretensión de condena de 25.000 euros por responsabilidade patrimonial do Concello por dano moral (por anulación xudicial do decreto de 6-2-2019 do Concelleiro de Seguridade).

No seu F.D. 2º reiteran a diferenza entre horario e xornada de traballo.

No seu F.D. 3º, coa base no dereito da administración e no deber do funcionario de cumprir a xornada de traballo legalmente establecida, conclúen na inexistencia de dano antixurídico, desestiman o recurso e declaran a firmeza desta segunda sentenza por razón de contía.

4.- Contencioso

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación (Bombeiros). Atrasos por horas extras e dano moral por anulación do Decreto de 06/02/2019

Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Rec. Apelación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento de orixe
15231/111	56/2023	611	14/07/2023	PO 204/2020 XC-A Nº 1 Vigo
15349/111	74/2023	594	12/07/2023	PO 339/2020 XC-A Nº 1 Vigo
15350/111	77/2023	545	28/06/2023	PO 10/2021 XC-A Nº 1 Vigo
15500/111	155/2023	607	12/07/2023	PO 216/2020 XC-A Nº 1 Vigo
15720/111	198/2023	584	05/07/2023	PO 243/2020 XC-A Nº 1 Vigo
15723/111	197/2023	630	19/07/2023	PO 233/2020 XC-A Nº 1 Vigo

Estas sentenzas, que non son firmes pero contra as que só é posible interpoñer recurso de casación, inadmiten o recurso por razón da contía, conforme á alegación que se fixo valer pola representación do Concello.

Trátase do segundo recurso de apelación promovido polo demandante, funcionario do SPEIS, contra a sentenza do XCA 1 de Vigo, e que forma parte dunha relación de máis de medio cento de recursos conexos, resoltos polo XCA 1 e 2 de Vigo.

A Sala do TSXG considera, con respecto á contía, que a condena non superaría os 30.000 euros, en concepto de diferencias de cantidade con relación ao abono das gratificacións por servizos extraordinarios, atendendo ao resultado estimatorio parcial da sentenza que apelou (STS 8/6/2020).

Canto á reclamación de responsabilidade patrimonial, por importe de 25.000 euros, a Sala resolveu que ao non declararse a inadmisibilidade do recurso contencioso nese aspecto na resolución de instancia, entende que o recurso de apelación é igualmente inadmisibile, ao non exceder a reclamación por dano moral de 30.000 euros.

A Área de Recursos Humanos e a de Seguridade, xunto coa Xefatura do SPEIS deben coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 15354/111

Sentenza nº 65 do 7 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ferrol

Abreviado: 244/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación do recurso de reposición formulado contra resolución da Concelleira Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, desestimatoria da solicitude de declaración de excedencia por prestación de servizos no sector público.

Expte(s): 40802/220

Contía: Indeterminada



Concello de Vigo

A sentenza estima a pretensión do demandante (aspirante seleccionado no proceso selectivo para cubrir 15 prazas de Policía Local pola quenda de mobilidade horizontal mediante o sistema de concurso) de que o Concello de Vigo o declarase en excedencia voluntaria por prestación de servizos noutra Administración ao comunicar a súa intención de permanecer na praza obtida no Ministerio de Defensa (a que foi nomeado en procedemento paralelo ao da convocatoria do Concello de Vigo), anulando a resolución recorrida e condenando ao Concello a recoñecer a situación administrativa de excedencia por prestación de servizos no sector público no posto de policía local do Concello de Vigo, dende a data da solicitude con todos os efectos e consecuencias que de dita situación se deriven.

A sentenza, recorrida en apelación, condena a Administración municipal ao pago das custas de ser o caso (o recorrente presentou o recurso por si mesmo), co límite máximo por todos os conceptos de 400 euros (IVE engadido).

6.- Contencioso. Expediente nº 15552/111
Sentenza nº 98 do 28 de xuño de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 40/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de indemnización por RPA polos danos causados a motocicleta, pola caída dunha rama dunha árbore sita na Avenida de Samil
Expte(s): 6413/243
Contía: 2.361,27 €

A sentenza, firme, estima o recurso ao considerar que sobre o total indemnizatorio recoñecido na resolución administrativa deben abonarse os xuros legais computados desde a reclamación administrativa (20.4.2021) ata o completo pagamento.

Debe coñecer e executar o resolto o servizo de Patrimonio-RPA.

7.- Contencioso. Expediente nº 15660/111
Auto nº 59 do 13 de xullo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 73/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados no trasteiro da vivenda, por mor da rotura dunha condución de auga municipal
Expte(s): 6767/243

O auto declara terminado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións do recorrente e archiva as actuacións.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

8.- Contencioso. Expediente nº 15666/111
Sentenza nº 103 do 30 de xuño de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 67/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída cando transitaba pola beirarrúa da Avda. Martínez Garrido

Expte(s): 6789/243

Contía: 4.197,20 €

Sentenza firme desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra a resolución municipal desestimatoria da responsabilidade patrimonial municipal e da indemnización reclamada por importe total de 4.194,02 euros, polos danos padecidos pola demandante por unha caída na vía pública municipal, por canto a irregularidade do pavimento sobre a que se fundamentaba a reclamación debe ser considerada como unha anomalía da calzada banal ou insignificante, e por canto o dano debe imputarse á falta de atención da viandante-demandante, dano que tiña o deber xurídico de soportar.

Darase traslado desta resolución xudicial ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

9.- Contencioso. Expediente nº 15749/111

Sentenza nº 104 do 30 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 95/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA, polos danos sufridos cando transitaba pola rúa Areal

Expte(s): 6845/243

A sentenza desestima o recurso interposto pola reclamante polos danos sufridos pola súa filla menor de idade (corte profundo na cara latero-posterior da perna dereita) cando camiñaba pola rúa Areal, ao impactar cun saco de escombros do que sobresaía material, por non quedar debidamente probados os feitos, e a relación de causalidade entre o dano e o funcionamento normal ou anormal dun servizo público.

A sentenza é firme e non contén un pronunciamento sobre as custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

10.- Contencioso. Expediente nº 15751/111

Sentenza nº 166 do 13 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 106/2023

Demandante/Recorrente: Empresa e particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, das reclamacións patrimoniais previas interpostos polos danos e prexuízos sufridos por mor dunha caída na rúa Pintor Colmeiro.

Expte(s): 6544/243 e 6574/243

Contía: 4.489,82 €

Esta resolución é firme por contía, e estima parcialmente o recurso, confirmando a resolución expresa do expediente de responsabilidade patrimonial.



Concello de Vigo

A sentenza considera axustada a dereito tanto a resolución que estima os danos corporais e materiais do demandante, como as da compañía de aseguramento do mesmo, que reclamou o reembolso dos gastos médicos.

A sentenza contén un pronunciamento sobre o abono dos xuros, que se traslada á súa parte dispositiva, e desbota a pretensión indemnizatoria con respecto ao casco e ao teléfono móbil que portaba o demandante.

O Servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

11.- Contencioso. Expediente nº 14812/111

Sentenza nº 144 do 29 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra

Abreviado: 155/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación do recurso de reposición interposto en expediente sancionador.

Expte(s): 290127/280

Contía: 200,00 €

A sentenza que se está a comunicar, firme por contía, estima o recurso interposto polo demandante e anula a resolución sancionadora en materia de circulación por non respectar a prioridade de paso dos peóns.

A resolución estima a demanda ao considerar que, se ben a presunción de certeza das denuncias dos axentes da autoridade supoñen proba da comisión duns feitos, neste caso o contido da denuncia é mínimo, e ante a versión contraditoria ofrecida polo denunciado/demandante a motivación non é suficiente e non se aclara se persoalmente o axente da Policía Local presenciou os feitos nese momento e lugar, con relación ao demandante. Polo que considera a resolución do expediente un acto nulo ao vulnerar a presunción de inocencia do demandante.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 15647/111

Sentenza nº 127 do 24 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 53/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo ditada en expediente sancionador nº 2021/11898 e expediente recurso reposición nº 2022/25661.

Expte(s): 300395/280

Sentenza firme desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto polo demandante contra a resolución do Concello de Vigo pola que se lle desestima o recurso de reposición interposto contra a resolución municipal do 11 de xuño de 2022, pola que se lle impón unha sanción de tráfico por importe de 1.800 euros por non identificar á persoa condutora sendo requirido para elo, por circular a 147km/h nun tramo limitado a 50km/h na Avda. Martí-

nez Garrido, por canto seguiuise o procedemento legalmente establecido e non existir causas de nulidade do acto recorrido. Con custas ao actor de 150 euros.

Darase traslado da resolución xudicial ao servizo municipal de Seguridade co fin do seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 15596/111

Sentenza nº 107 do 4 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 62/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 07/11/2022, desestimatoria de recurso de reposición formulado contra desestimación das solicitudes de rectificación de autoliquidacións con devolución de ingresos indebidos

Expte(s): 5652/550, 60695/514 e 60698/514

Contía: 9.520,23 €

A sentenza, recorrida en casación, estima o recurso, ordeando a devolución do ingresado, xunto cos xuros que correspondan.

A sentenza non contén pronunciamento en custas.

O Tribunal Económico-Administrativo e Xestión Tributaria (IIVTNU) deben coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 15844/111

Sentenza nº 183 do 20 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 133/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolucións ditadas polo TE-A do Concello de Vigo o 30/01/2023, desestimatorias das impugnacións de autoliquidacións do IIVTNU (expediente nº PV5769/19)

Expte(s): 5733/550, 5734/550, 5735/550, 5736/550, 49615/514, 67487/514, 67490/514, 67496/514 e 67611/514

Contía: 3.706,59 €

Esta sentenza, firme, desestima integramente o recurso contencioso-administrativo, sen imposición de custas.

O servizo xestor (Xestión Tributaria-IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 16059/111

Decreto nº 15 do 7 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 210/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo do TE-A de 23/01/2023, desestimatorio de reclamación económico-administrativa (reclamación de cantidades indebidamente cobradas pola aplicación do gravame do IIVTNU)



Concello de Vigo

Expte(s): 5702/550 e 67477/514

Contía: 3.784,97 €

O decreto, firme, acorda ter por desistido ao recorrente no PA 210/2023 sen facer expresa imposición de custas, e deixa sen efecto a remisión do expediente.

Conexos: procede do PA 130/2023 do XCA 3 de Pontevedra e estase a tramitar no XCA núm. 2 de Vigo o PA 124/2023 co mesmo obxecto e partes).

16.- Contencioso. Expediente nº 15522/111

Sentenza nº 106 do 30 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Dereitos fundamentais: 37/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Inactividade administrativa do Concello de Vigo fronte á reclamación efectuada o 22/12/2022, na que denunciaba a vulneración dos seus dereitos constitucionais á intimidade e inviolabilidade do domicilio, por mor do ruído provocado pola instalación do mercado navideño e parque de atraccións nas inmediacións da súa residencia

Expte(s): 9324/106

Esta sentenza non é firme e tiña como obxecto no procedemento especial por vulneración de dereitos fundamentais, axuizar a existencia de inactividade do Concello por mor dos ruídos provocados polos postos e atraccións do Nadal, na campaña pasada (ano 2022/2023). Sentenza desestimatoria.

Esta sentenza lembra o criterio do TC de que para entender vulnerado este dereito fundamental a exposición ao ruído debe ser grave, reiterada e prolongada no tempo, e ademais os niveis de ruído precisan acreditación de que xeraron un dano.

Neste asunto se contextualiza o ruído producido polas atraccións e os postos desta campaña do 2022/2023, xa que se trata dunhas festas moi arraigadas, e con especial relevancia no caso de Vigo. Precisamente por isto, considera que o Concello estableceu unha serie de medidas para evitar un descontrol na produción de ruídos, que se toman en consideración na sentenza como efectivamente implantadas, a pesares de considerar que non resultaron satisfactorias para a demandante, polo que se desbota que existise inactividade. A conclusión é que si que houbo actividade municipal de control.

Ten en conta tamén as medicións efectuadas pola empresa Sonen, contratista do Concello, indicando que o parámetro que emprega ofrece un mellor contexto para a adopción de medidas correctoras. Tamén se ten en conta que a vivenda da demandante se sitúa nunha zona declarada ZAS, e que ao longo do ano xa soporta e parte dun nivel de ruído máis elevado que outros domicilios.

A resolución ditada entende non acreditada a existencia dunha exposición continuada no tempo (máis aló de momentos puntuais, coincidentes cos momentos de maior afluencia) a uns niveis de ruído insoportables, que se poidan relacionar coa vulneración de dereitos fundamentais.

O Servizo de Comercio e o Servizo de Medio Ambiente deben coñecer do resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 15967/111
Auto nº 58 do 27 de xuño de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 175/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Inactividade ao non adoitar as medidas necesarias para mitigar, ata un nivel aceptable e normativamente autorizado, o ruído provocado durante as festas do Nadal polas atraccións e o mercado do nadal ou subsidiariamente ordear a suspensión das actividades que alteraban a vida dos veciños afectados.

Expte(s): 9587/106

Este Auto, que non é firme, inadmite o recurso presentado pola Comunidade de Propietarios da R/ Areal 4, contra inactividade municipal, por falta de lexitimación activa.

O órgano xudicial apreciou de oficio neste procedemento, a posible falta de lexitimación activa da parte demandante, comunidade de propietarios que segundo doutrina consolidada, carecen de personalidade xurídica e non son titulares de dereitos.

Conferido prazo para alegacións, se formularon por parte do Concello no senso de que se ratificase a falta de lexitimación activa, ao tratarse tamén dun criterio xa apreciado, entre outros, polo TSXG en supostos de contaminación acústica, como é o caso deste preito.

O Servizo de Comercio e o Servizo de Medio Ambiente deben coñecer do resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 15000/111
Sentenza nº 107 do 11 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 268/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo na execución do contrato de obras de ampliación do Parque Infantil da rúa Venezuela.

Expte(s): 9385/446, 10087/446 e 10606/446

Contía: 43.721,36 €

A sentenza estima o recurso ao considerar que resulta improcedente a imposición da segunda penalidade por importe de 29.533,02 € por estar xa finalizado o contrato; en aplicación do resolto nun caso similar anterior pola sentenza do TSJG Contencioso sección 3 do 15 de maio de 2020 (Sentencia: 102/2020 Recurso: 7004/2020) que sinalou que a imposición de penalidades por incumprimento "...debe ser exercitada por la Administración en el momento en que el contratista incumpla su obligación de ejecutar la obra en los plazos convenidos, y no meses después de haberse finalizado..."

E por isto só considera que pode descontarse da certificación nº 8 por importe de 51.390,21 € a cantidade correspondente a primeira penalidade de 7.668,85 € e, en consecuencia, procede o pagamento da cantidade de 43.721,36 € con aplicación do tipo de xuros previsto no art. 7.2 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, desde o transcurso de 30 días desde que oportunamente se presentou a factura (18 de agosto de 2019) ata o seu efectivo pagamento, de conformidade con lo disposto no art. 216.4 LCSP.



Concello de Vigo

De conformidade coa asesora xurídica do servizo de Parques e da xefa do servizo de Contratación non se formulou recurso de apelación perante o TSXG toda vez que a estimación do recurso fundaméntase precisamente nunha sentenza anterior ditada por dito Tribunal (tamén nun recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo) polo que as posibilidades de éxito serían nulas e só producirían un atraso na execución desta sentenza co conseguinte incremento de xuros.

A sentenza adquiriu firmeza por dilixencia de ordenación de 20 de xullo de 2023, polo que procede a súa execución polos servizos de Parques e Xardíns e de Tesourería.

19.- Contencioso. Expediente nº 15536/111

Sentenza nº 115 do 12 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 32/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da petición de reubicación dos contedores sitos na rúa Arnela nº 72 Teis-Vigo

Expte(s): 8029/252 e 8330/252

A sentenza desestima o recurso presentado contra a desestimación presunta por silencio administrativo da solicitude de reubicación dos colectores de lixo situados na rúa Arnelas 72 (Teis), ao considerar acreditado que esa situación é a mellor e a habitual, e por ter solucionado a Administración as discrepancias e molestias veciñais coa colocación dun único colector en dita situación.

É firme e non contén pronunciamento sobre as custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Limpeza municipal.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 14587/111

Sentenza nº 264 do 3 de xullo de 2023

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 149/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades (Oficial de Mantemento-Servizo Municipal de Deportes)

Esta sentenza, firme, estima parcialmente a demanda interposta polo demandante, recoñecendo o dereito do demandante, declarando que é persoal laboral indefinido non fixo.

Na sentenza se recolle que o demandante asinou un contrato de interinidade coa administración municipal, e que non se chegou a cubrir a praza vacante. Non ofertándose ata a OPE do 2017, e atopándose aprobada tamén a OPE de estabilización de emprego conforme á Lei 20/2021.

A sentenza aplica os criterios xurisprudenciais sobre temporalidade no emprego público e as circunstancias propias da relación laboral do actor. Desbota a pretensión de declaralo fixo porque non superou no senso que o TS entende superado un proceso selectivo, isto é; nin en posicións de reserva nin en procedementos de carácter temporal.

Cuestión distinta é o recoñecemento da condición de indefinido non fixo, xa que segundo a sentenza transcorreron dez anos dende a sinatura do contrato de interinidade e a administración non procedeu a regularizar a súa situación. Tamén rexeita unha indemnización por esta causa de conformidade co establecido polo TSXG.

Ao atoparse prazas de idéntica categoría que a do actor na OPE de estabilización, non se estimou xustificade promover un recurso contra esta sentenza. Primeiramente carece de xustificación a falta de execución das ofertas -incluída a do 2017-, polo que non podería prosperar o recurso. E en segundo lugar, a regularización do persoal indefinido non fixo se produce por medio da execución de ofertas, polo que coa continuación da tramitación da OPE de estabilización se dá cumprimento á sentenza.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 15916/111
Sentenza nº 324 do 11 de xullo de 2023
Xulgado do Social nº 2 de Vigo
Seguridade social: 97/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Determinación de continxencias accidente laboral

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda do actor.

O demandante figurou contratado polo Concello de Vigo con cargo a un plan/programa de emprego temporal e tivo un período de incapacidade temporal, posteriormente outro período de incapacidade temporal contratado xa cunha empresa de traballo temporal, e cuestionaba neste procedemento a natureza desta continxencia, pretendendo que se considerase como enfermidade profesional.

O Xulgado manifesta que non se aporta proba que funde a súa pretensión, polo que desestima a demanda.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

3.- Social. Expediente nº 13759/111
Sentenza nº 2996 do 16 de xuño de 2023
TSX Galicia, Sala do Social
Recurso de suplicación: 6748/2021
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Recoñecemento do dereito a percibir as retribucións correspondentes ao xefe de mantemento de instalacións deportivas.



Concello de Vigo

Esta sentenza, firme, resolve desestimando o recurso da demandante e confirmando a sentenza de instancia, tamén desestimatoria.

Trátase dunha traballadora do Servizo de Deportes coa categoría profesional de Oficial de Instalacións que pretendía o recoñecemento do dereito a percibir as retribucións -por realizar funcións propias de- xefe de mantemento de instalacións na quenda de tarde de luns a venres, sábados, domingos e festivos, e de conserxe responsable de instalacións deportivas de luns a venres na quenda de mañá.

A sentenza considera que carece de fundamento tal pretensión de equiparación porque a demandante non realiza as funcións propias deses outros postos de traballo. Con cita de xurisprudencia consolidada sobre o exercicio de funcións de categorías superiores e os requisitos necesarios para que prosperen este tipo de accións, conclúe que o abono puntual por medio de complementos non periódicos polo exercicio de funcións de superior categoría non comporta o seu exercicio de estable, polo que se desbota o recurso.

O Servizo de Deportes e a Área de RRHH e Formación deben coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

Procedemento Ordinario nº 236/2021 Xulgado do Social nº 1 Vigo, Sentenza nº 330 do 01/07/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 10/09/2021

4.- Social. Expediente nº 15549/111

Sentenza nº 3110 do 29 de xuño de 2023

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 1788/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución da Concelleira Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do 06/10/2020, que acordou a suspensión de emprego e soldo por cumprimento da condena de inhabilitación para emprego ou cargo polo prazo de 9 anos.

Expte(s): 40847/220

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto contra a sentenza de instancia polo demandante, igualmente desestimatoria.

O recurso de suplicación cuestiona a sentenza de instancia, ditada confirmando a actuación municipal con respecto a un empregado municipal condenado na vía penal por sentenza firme ditada de conformidade co mesmo.

Esta sentenza entende que o resolto na instancia é plenamente conforme a dereito, porque a sentenza da que deriva como pena a inhabilitación se ditou de conformidade co acusado. O proceder do Concello de Vigo, suspensión de emprego e soldo en ningún caso se pode considerar como constitutivo de despedimento.

En suma, considera que o Concello o que fixo foi colaborar no cumprimento da sentenza e suspendelo nos termos acordados na sentenza da Orde penal, que se remitiu expresamente ao Concello de Vigo.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

Despedimento nº 710/2022 Xulgado do Social nº 4 Vigo, Sentenza nº 50 do 30/01/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 23/03/2023

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(833).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTROS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 16246/111.

Dase conta do informe-proposta de data 05/10/2023, asinado pola letrada titular de Asesoría Xurídica Municipal e conformado pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 14340/111

Sentenza nº 166 do 31 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 400/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Reclamación RPA polo funcionamento do sistema de canalización da auga no xardín sito entre as rúas Vicente Risco e Baixada á Salgueira

Expte(s): 6406/243

Contía: 45.685,47 €

Sentenza non firme desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto fronte ao Concello de Vigo, contra a desestimación da reclamación patrimonial presentada pola demandante na que solicitaba unha indemnización económica por importe de 45.685,47 euros, polos danos padecidos na súa propiedade como consecuencia dunhas filtracións de auga nos sotos do edificio, lindantes cun parque público municipal. Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de apelación.

Darase traslado de dita resolución xudicial ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

2.- Contencioso. Expediente nº 15149/111

Sentenza nº 203 do 1 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 295/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 10/08/2022 desestimatoria da reclamación de RPA polos danos e perdas sufridos na súa motocicleta, por mor dun accidente de tráfico ocorrido no túnel de Beiramar-As Avenidas

Expte(s): 6115/243

Contía: 34.194,51 €

Sentenza desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto polo demandante contra a resolución municipal desestimatoria da reclamación patrimonial presentada ante o Concello na que solicitaba unha indemnización de 34.194,51 euros por danos e prexuízos padecidos como consecuencia dun accidente de tráfico con motocicleta no túnel de Beiramar. A causa foi desestimada por non quedar probada a relación de causalidade entre o funcionamento anormal do servizo público e o dano padecido. Cabe recurso de apelación.

Darase traslado de dita sentenza ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

3.- Contencioso. Expediente nº 15464/111

Sentenza nº 131 do 28 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 359/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do Concelleiro Delegado de Patrimonio do Concello de Vigo do 14/10/2022 desestimatoria do R. Reposición formulado contra outra do 26/05/2020 que estimou parcialmente a reclamación de RPA.

Expte(s): 5765/243

Sentenza firme desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto por Aqualia FCC VIGO UTE contra a resolución municipal que desestima o recurso de reposición interposto contra a resolución municipal do 26 de maio de 2020 pola que se acordaba a estimación parcial da reclamación presentada por unha terceira persoa por mor dos danos padecidos por unha caída na vía pública e se imputaba a responsabilidade a Aqualia-FCC VIGO UTE debendo indemnizar á interesada por un importe de 10.805,44 euros, por canto a responsabilidade é da concesionaria por canto a ausencia de tapa do sumidoiro propiedade da concesionaria debería estar sinalizado pola concesionaria.

Darase traslado ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

4.- Contencioso. Expediente nº 15634/111

Sentenza nº 96 do 28 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 52/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada en data 06/07/2021 polos danos causados ao seu vehículo por un colector de recollida de lixo.

Expte(s): 6487/243



Concello de Vigo

A sentenza, firme, estima parcialmente o recurso ao considerar correcta a imputación da responsabilidade a CONTENUR S.L (por ser a empresa concesionaria do servizo público de reposición, mantemento e limpeza dos colectores e derivarse o dano do impacto dun colector contra un vehículo), se ben estima que o importe de reparación do vehículo (710,32 €) deben engadirse os xuros legais desde a data da reclamación (06.07.2021) ata o completo pagamento.

Debe coñecer e executar o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

5.- Contencioso. Expediente nº 15848/111

Sentenza nº 185 do 28 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 125/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos sufridos no vehículo cando circulaba pola Av. Madrid á altura do nº 193.

Expte(s): 6695/243

Contía: 1.885,37 €

Sentenza firme desestimatoria do recurso interposto contra a desestimación presunta da reclamación patrimonial formulada pola actora ante este Concello polos danos padecidos polo seu vehículo como consecuencia da fragmentación dun dado de formigón nunha arqueta sita na calzada da Avenida de Madrid, por mor do déficit probatorio por parte da demandante. Sen custas.

Darase traslado de dita resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

6.- Contencioso. Expediente nº 15876/111

Sentenza nº 154 do 31 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 140/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA formulada o 05/04/2022 polos danos sufridos ao caer cando transitaba pola beirarrúa da Avda. de Samil fronte ao antigo Hotel Samil

Expte(s): 6726/243

Contía: 3.781,08 €

Sentenza firme desestimatoria do recurso contencioso-administrativo presentado pola demandante contra a resolución municipal desestimatoria da reclamación patrimonial presentada por mor dunha caída na vía pública, na que solicitaba unha indemnización de 3.781,08 euros polos danos padecidos. A pretensión desestimouse por canto non quedou probada a relación de causalidade entre o funcionamento anormal do servizo público e a lesión padecida.

Darase traslado de dita resolución xudicial ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

7.- Contencioso. Expediente nº 15908/111
Sentenza nº 192 do 1 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 143/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA polos danos causados no seu vehículo ao colisionar contra unha árbore sita na beirarrúa de Teixugueiras nº 12, cando maniobraba para estacionar en batería

Expte(s): 6884/243

Contía: 404,91 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra o silencio administrativo ante a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos ocasionados no vehículo do recorrente cando realizaba maniobras de estacionamento ao colisionar cunha árbore na rúa Teixugueiras nº 12, por considerar que non existiu relación de causalidade entre a actuación da concesionaria do mantemento e conservación das zonas verdes nin do Concello, tendo en conta que a parte traseira do vehículo invadiu o espazo do alcorque e dada a altura na que se produce o impacto.

A sentenza é firme, sen imposición de custas.

8.- Contencioso. Expediente nº 14600/111
Sentenza nº 164 do 31 de xullo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 103/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial con motivo do mal funcionamento da Administración municipal, no referente á xestión do servizo de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico como á tramitación da licitación do servizo, que provocou prexuízos económicos á súa empresa, como última adxudicatária

Expte(s): 9043/336 e 3927/336 - 8922/336 e 6464/243

Contía: 40.171,85 €

Esta sentenza non é firme, e desestima o recurso interposto por unha empresa contratista municipal, por non celebrar un contrato menor e pola denegación da solicitude de declaración de imposibilidade total de execución do contrato.

O contrato é o que se refire ás prestacións da contratista no espazo "Vigosónico", que conta coa posibilidade de prorrogar o contrato. Este contrato remataba o 20 de marzo do ano 2000, acordándose o peche ao público das instalacións o 12/3/2020, sendo esta a causa primeira destas pretensións. As que se engaden a nova licitación que se atopaba iniciada do novo contrato.

A demandante reclamaba en concepto de RPA os gastos en materia de persoal derivados do mantemento da plantilla dende esa data ata a da previsible adxudicación do novo contrato, contrato que non se chega a adxudicar.



Concello de Vigo

A sentenza considera axustada a dereito e ás particulares circunstancias da crise sanitaria e ás diferentes disposicións en materia de contratos públicos que se sucederon, concluíndo que a apreciación da imposibilidade de execución dun contrato só lle correspondía ao órgano de contratación.

O Servizo de Xuventude debe coñecer do resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 14794/111

Sentenza nº 152 do 31 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 162/2022

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, do 24/03/2022, que ordena a provisión temporal en réxime de comisión de servizos, do posto de traballo vacante de xefe/a departamento administrativo de Alcaldía.

Expte(s): 39576/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza que se está a comunicar non é firme, e desestima o recurso interposto polo sindicato CCOO contra a resolución que convocou en comisión de servizos un posto de "xefe/a departamento administrativo/a da Alcaldía".

A resolución, con mención do criterio do TSXG sobre as comisións de servizos, estima que neste caso a cobertura da convocada era igualmente urxente, como dispón a normativa, e se xustificou tanto esa urxencia, a necesidade de que se presten as funcións dese posto, como o feito de que a súa duración se atopa condicionada á da provisión definitiva do posto polo procedemento que figura en dereito recollido na RPT.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 15209/111

Sentenza nº 201 do 1 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 338/2022

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Desestimación presunta da pretensión exercida de solicitude de creación do rexistro de persoal e de postos de traballo.

Expte(s): 41297/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme e contra a que é posible interpoñer recurso de apelación, resolve desestimando o recurso interposto polo sindicato CCOO contra a desestimación presunta da solicitude de creación do rexistro de persoal e postos de traballo no Concello de Vigo.

Na resolución se examina e desbota dende o punto de vista procesual tanto que poida acionar por inactividade como por un silencio negativo, xustificando que a resposta municipal que si se produciu abonda para a desestimación.

Non obstante, e en canto ao fondo, o Xulgador entende que esa obriga da creación do rexistro é incuestionable. Pero tamén se recoñece con base na documentación aportada ao preito, que o Concello de Vigo si conta con instrumentos de xestión dos recursos humanos, se ben non figura completamente dixitalizado, o que se relaciona co proceso de adaptación no que se atopa o mesmo, que foi o que se lle respondeu ao demandante cando presentou a súa solicitude.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 15403/111
Sentenza nº 188 do 27 de xullo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 359/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 04/11/2022 desestimatoria do recurso de reposición formulado sobre solicitude de toma de posesión e solicitude de excedencia por prestación de servizos no sector público. Praza Policía Local OEP 2017, 2018, 2019 pola quenda de mobilidade horizontal
Expte(s): 40797/220
Contía: Indeterminada

Sentenza desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra a resolución municipal do 4 de novembro de 2022 desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a resolución do 27 de setembro de 2022, que rexeitou a solicitude do actor da toma de posesión na praza para a que fora nomeado e de declaración en situación de excedencia na mesma, e entende axustada a dereito polo carácter irrenunciabile da praza para a que foi nomeado e na que debía tomar posesión quedando na súa administración de orixe na situación de servizo noutras AAPP, e por non facelo resulta aplicable a base 16ª, tal e como se indicou na dilixencia municipal do 29 de setembro de 2022. Sen custas e susceptible de recurso de apelación.

Darase traslado de dita resolución ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

12.- Contencioso. Expediente nº 15887/111
Sentenza nº 139 do 31 de xullo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 146/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada o 01/03/2023 no expediente administrativo nº 41821/220, desestimatoria da solicitude de pase á situación administrativa de excedencia por prestación de servizos no sector público (OEP 2020-2021 Policía Local, quenda libre)
Expte(s): 41821/220 e 41904/220
Contía: Indeterminada

Sentenza estimatoria (recorrida en apelación) do recurso contencioso-administrativo presentado polo demandante contra a resolución municipal desestimatoria da súa toma de posesión e da declaración automática en excedencia no Concello de Vigo, por mor da opción formulada polo demandante en manterse no posto que viña desempeñando na súa administración de orixe. A pretensión foi estimada por entender que unha vez efectuada polo candidato



Concello de Vigo

a opción de posto no que desexaba permanecer, o Concello de Vigo debía declaralo automaticamente na excedencia solicitada. Condena en custas á demandada por importe de 200 euros mais impostos.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 15864/111

Sentenza nº 162 do 31 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 121/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación en concepto de indemnización derivada das lesións sufridas en acto de servizo con motivo da insolvencia do condenado.

Expte(s): 37584/220

Contía: 2.240,00 €

Sentenza firme estimatoria do recurso contencioso-administrativo formulado polo demandante contra a desestimación presunta municipal da súa solicitude consistente na indemnización por importe total de 2.240 euros, mailos intereses correspondentes, polos danos padecidos nun acto de servizo como Policía Local. A pretensión do demandante foi estimada por tratarse dun suposto de indemnidade do funcionario público, concorrendo os supostos do principio de indemnidade en cumprimento das súas funcións públicas.

Darase traslado de dita resolución xudicial ao servizo municipal de RRHH para o seu coñecemento e cumprimento.

14.- Contencioso. Expediente nº 15903/111

Sentenza nº 142 do 31 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 156/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Inexecución ou non execución de silencio administrativo positivo, polo que se estima a petición de pagamento do complemento de produtividade por realizar funcións de superior categoría (substitución ao Cabo xefe de saída e Sarxento xefe de quenda do Servizo de Extinción de Incendios durante o ano 2021)

Expte(s): 38675/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que é firme, estima a demanda, como noutros casos anteriores na mesma situación fáctica, no sentido do penúltimo párrafo do F.D. 4º, contra o silencio administrativo impugnado, anulándoo e condenando ao Concello ao pagamento dun complemento de produtividade (non consolidable) pola actividade extraordinaria desenvolvida no ano 2021, con xuros.

As costas procesuais se impoñen ao Concello ata a cifra máxima de 200 euros máis impostos.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 15928/111
Sentenza nº 141 do 31 de xullo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 165/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Inexecución ou non execución de silencio administrativo positivo, da estimación da petición do pagamento das vacacións non disfrutadas nos anos 2020, 2021 e 2022, ou denegación da súa petición por silencio administrativo
Expte(s): 40213/220

A sentenza estima en parte o recurso presentado contra a desestimación presunta por silencio da petición efectuada polo recorrente, que prestou servizos en comisión de servizos no SPEIS, de abono das vacacións non gozadas dos anos 2020, 2021 e 2022 cando se extinguiu a dita comisión, nos termos do informe emitido pola Área de RRHH e Formación, e declara o dereito do demandante a que se lle abone a cantidade de 2.904,53 euros cos intereses correspondentes.

A sentenza non é firme, sendo susceptible de recurso de apelación no prazo de 15 días. Non realiza expresa imposición das custas procesuais.

Debe coñecer o resolto a Área de RRHH e Formación (expte. 40213/220).

16.- Contencioso. Expediente nº 15717/111
Sentenza nº 81 do 19 de xuño de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 105/2023

Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 16/01/2023, ditada no expediente sancionador nº 2022/61847, que impón sanción de 40 € e retirada de puntos por exceder o límite de velocidade
Expte(s): 302177/280

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que a identificación do condutor é correcta e que polo tipo de radar non é necesario que se acheguen 2 imaxes para multar ao infractor.

Debe coñecer o resolto o departamento de Tráfico/Seguridade.

17.- Contencioso. Expediente nº 15721/111
Sentenza do 20 de xuño de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 101/2023

Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 16/01/2023, que lle impón sanción de 300 euros e 2 puntos como consecuencia de infracción por exceso de velocidade
Expte(s): 302175/280
Contía: 300,00 €



Concello de Vigo

A sentenza, firme, estima o recurso ao considerar que a identificación do condutor é correcta e que polo tipo de radar non son necesarias 2 fotografías para multar ao infractor.

Debe coñecer o resolto o departamento de Tráfico/Seguridade.

18.- Contencioso. Expediente nº 15765/111

Sentenza nº 162 do 22 de xuño de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 102/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de data 16/01/2023 pola que se impón sanción de 400 euros e 4 puntos como consecuencia de infracción de tráfico.

Expte(s): 302827/280

Contía: 400,00 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que a diferenza doutros pronunciamentos anteriores estimatorios relativos tamén a impugnación de sancións detectadas mediante cinemómetros similares (radar fixo aloxado en cabina) porque non se tiña a debida constancia de que era apto para a identificación do carril de circulación, de que era capaz de detectar, seguir e identificar inequivocamente o obxectivo durante todo o proceso de medición, no presente caso a aptitude do aparato recóllese no certificado de verificación do aparato e así consta motivado na resolución sancionadora.

Debe coñecer o resolto o departamento de Tráfico/Seguridade.

19.- Contencioso. Expediente nº 15773/111

Sentenza nº 176 do 31 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 113/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución instruída pola Área de Seguridade do concello de Vigo en expediente sancionador.

Expte(s): 302920/280

A sentenza estima parcialmente o recurso presentado contra a resolución da Concellería da Área de Seguridade desestimatoria das alegacións presentadas a sanción de 200 euros imposta a recorrente por estacionar nun carril de circulación, por considerar que a sanción que procedía era de 50 euros por non concorrer no caso concreto as circunstancias que permiten calificar a infracción como grave.

A sentenza é firme e non contén un pronunciamento en materia de custas.

Deben coñecer o resolto os departamentos de Seguridade e Recadación Executiva.

20.- Contencioso. Expediente nº 15888/111

Sentenza nº 181 do 1 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 136/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 13/02/2023 desestimatoria do recurso de reposición presentado contra a sanción imposta
Expte(s): 303887/280
Contía: Indeterminada

A sentenza anula a resolución ditada no procedemento sancionador en materia de tráfico 2022/19987 - imposición de multa ao recorrente pola sanción moi grave art. 52.1 RGC de 600 euros e retirada de 6 puntos- e ordena a retroacción do procedemento ao momento inmediatamente anterior ao ditado da resolución sancionadora, debendo permanecer en suspenso as actuacións ata que, de acordarse a reapertura do proceso penal recaiga sentenza, debendo poñer en coñecemento do Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo (PA 789/2022) tanto a identidade do conductor como esta sentenza.

É firme e non fai expresa imposición de custas.

Debe coñecer o resolto a Área de Seguridade e de Recadación Executiva.

21.- Contencioso. Expediente nº 16134/111
Decreto nº 18 do 1 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 239/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución sancionadora en materia de tráfico
Expte(s): 307213/280
Contía: 300,00 €

Esta resolución acorda o arquivo do procedemento porque a parte demandante exerceu o seu dereito á disposición da acción. O procedemento contencioso-administrativo tiña como obxecto unha resolución nun expediente sancionador de tráfico.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

22.- Contencioso. Expediente nº 15515/111
Auto nº 19 do 1 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 38/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do TEA do 10/10/2022 ditada sobre autoliquidación e devolución de ingresos indebidos en concepto de IIVTNU.
Expte(s): 5625/550, 43313/514 e 59059/514

A resolución xudicial acorda ter por desistida á parte recorrente e declara o remate do procedemento, sen imposición de custas.

A Administración de Tributos-Plusvalía e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

23.- Contencioso. Expediente nº 15602/111
Sentenza nº 160 do 31 de xullo de 2023



Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 63/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución ditada polo TEA o 21/12/2022 desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada contra desestimación da rectificación de autoliquidacións do IIV-TNU e devolución de ingresos indebidos.

Expte(s): 5682/550 e 54891/514

Esta sentenza desestima integramente a demanda, con imposición de custas.

A Administración de Tributos (Plusvalía) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 15847/111

Sentenza nº 157 do 31 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 124/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 21/03/2022, que desestima a reclamación económico-administrativa, formulada contra solicitude de rectificación de autoliquidación e devolución de ingresos indebidos.

Expte(s): 5745/550 e 59495/514

Esta resolución, firme, desestima o recurso contencioso-administrativo e confirma a actuación municipal, sen imposición de custas.

A Administración de Tributos e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

25.- Contencioso. Expediente nº 15854/111

Sentenza nº 158 do 31 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 82/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do 12/01/2023, desestimatoria de reclamación económico-administrativa contra desestimación presunta da impugnación da autoliquidación PV250.20.1 e solicitude de ingresos indebidos DOC 210220441

Expte(s): 5709/550 e 50494/514

Contía: 2.138,70 €

Esta resolución, firme, desestima o recurso contencioso-administrativo e confirma a actuación municipal, sen imposición de custas.

A Administración de Tributos e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

26.- Contencioso. Expediente nº 15890/111

Sentenza nº 161 do 31 de xullo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 150/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo ditado polo TEA o 01/03/2023 no expediente administrativo, que desestima a reclamación económico-administrativa de solicitude de rectificación das autoliquidacións e devolución de ingresos indebidos do IIVTNU

Expte(s): 5731/550 e 40753/514

Esta resolución desestima o recurso contencioso-administrativo e confirma a actuación municipal, sen imposición de custas.

A Administración de Tributos e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 15889/111

Sentenza nº 202 do 1 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 131/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución ditada polo TEA o 20/02/2023, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra expediente relacionado coa solicitude devolución de ingresos indebidos en concepto de IBI dos anos 2015 e 2021.

Expte(s): 5494/550 e 46409/512

Esta resolución desestima integramente o recurso contencioso-administrativo e confirma a actuación municipal, con imposición de custas.

A Administración de Tributos-IBI e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

28.- Contencioso. Expediente nº 15452/111

Sentenza nº 342 do 21 de xullo de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4051/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Inactividade en relación coa resolución do 1-12-2021 de Comisión de Transparencia de Galicia. Rúa Milladas e cuestións urbanizadoras.

Expte(s): 1701/110 e 112163/421

Contía: Indeterminada

A sentenza desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza do XCA 2 de Vigo ditada no PA 177/2022 e considera que non houbo inactividade municipal, posto que o Concello atendeu a solicitude da demandante (varias veces) o que non é discutido pola apelante. A sentenza é firme e impón as custas á recorrente polo importe de 1000 €.

A Secretaría de Administración Municipal, o departamento de Fomento e a XMU-Urbanización e Infraestruturas- deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:



Concello de Vigo

Procedemento Abreviado nº 177/2022 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 288 do 01/12/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 26/01/2023

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 15119/111

Sentenza nº 317 do 28 de xullo de 2023

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 446/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: contías, reclamación de cantidade correspondente ás horas nocturnas e festivas efectuadas no ano 2020.

Expte(s): 41064/220

Contía: 1.401,33 €

Esta sentenza é firme e estima parcialmente a demanda interposta por un traballador municipal no que reclamou o seu dereito a percibir durante os períodos de incapacidade temporal e vacacións, os conceptos de "nocturnidade" e "festividade".

A sentenza estima parcialmente a excepción de prescrición dun dos períodos reclamados, e no relativo ao fondo, ratifica o criterio deste e outros Xulgados do Social de Vigo, con cita do TS, de que tales cantidades proceden.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer e executar esta sentenza, relacionada con outros asuntos idénticos igualmente estimados con anterioridade.

C) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL MERCANTIL

1.- Mercantil. Expediente nº 15273/111

Sentenza nº 105 do 1 de setembro de 2023

Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra

Ordinario: 348/2022

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Reclamación de 224.805,65 € polos actos organizados nos que se utilizan obras musicais nas programacións "Vigo en festas 2018", "Entroido 2019", "Vigo en Festas 2019", "Parque do Nadal 2019/2020" e "Entroido 2020".

Esta sentenza, que non é firme e contra a que é posible a interposición de recurso de apelación, estima parcialmente a demanda presentada pola SGAE en reclamación de cantidade e outras accións, polas cantidades en concepto de dereitos de propiedade intelectual pola celebración de eventos nos anos 2018 a 2020.

A sentenza se pronuncia sobre varias cuestións, e tanto aclara o criterio sobre as cantidades que procede incluír na liquidación de dereitos que esta entidade, como considera que non se probou a exclusiva autoría das obras que o servizo de Festas consideraba que non había que incluír na liquidación da SGAE, por execución do/a artista contratado/a.

O que desbota é a inaplicabilidade do convenio FEMP-SGAE, e mantén e aplica de oficio no fallo da condena a bonificación do 25 por cen.

O Servizo de Festas debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.



Concello de Vigo

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(834).- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTINUIDADE DO CONTRATO DE SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E NOS CMSS DE COIA, RIVERA ATIENZA, TEIS E CASCO VELLO, DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL (1 DE OUTUBRO DE 2023 E ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2023). EXPTE. 149705/301.

Visto o informe de fiscalización do 04/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/10/2023, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto á Xefatura e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tramítase no Exp. nº 2926/315 do Servizo de CEDRO, incoado o 13.12.2022, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e nos CMSS (Centros Municipais de Servizos Sociais) de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello, do Servizo de Benestar Social.

I.2. Tendo en conta as múltiples incidencias na súa tramitación (exclusión dos licitadores, alegacións, debates na Mesa de Contratación, recursos perante o TACGal, etc.) e que a vixencia do actual contrato, suscrito en xullo de 2018 coa mercantil “SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.” (Exp. nº 149705/301) por un prazo inicial de catro (4) anos contado desde o 01.08.2018 (prorrogado por 1 ano máis, do 01.08.2022 ó 31.07.2023; acordo XGL 17.02.2022; Exp. nº 2878/315) remataba o 31.07.2023, sen posibilidade dunha segunda prórroga, á que renunciara expresamente o actual contratista, solicitouse do Servizo de Contratación que coa máxima urxencia propuxese ó órgano de contratación (XGL), previo informe da Asesoría xurídica municipal e da Intervención xeral (Disp. Adic. segunda e terceira LCSP) o acordo necesario para garantir a continuidade por dous (2) meses máis dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e nos CMSS de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello a partir do 01.08.2023.

I.3. A XGL adoptou acordo neste mesmo sentido na súa sesión do 27.07.2023, dispoñendo:

“1º-. A continuidade da prestación do servizo de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301) nas mesmas condicións polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato. 2º-. Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 27.683-2202, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de agosto ata o 30 de setembro de 2023 (2 meses) polo importe máximo de 12.297,52 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3112.227.01.00. (...)”.

I.4. A día de hoxe, a Mesa de Contratación realizada o 14.09.2023, acordou xa propoñer a adxudicación deste contrato a “SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.”, estando só pendente de aprobación pola XGL. Con todo, tendo en conta que é susceptible de recurso especial en materia de contratación, non resulta posible que o novo contrato se formalice antes de que remate o novo prazo acordado (30.09.2023) polo que, para poder atender o gasto dun mes mais da continuidade acordada pola XGL, procede autorizar o correspondente gasto.

I.5. O gasto derivado da continuidade dos servizos, polo tempo estrictamente imprescindible ata a formalización do novo contrato (estimado nun máximo de 1 mes), poderá financiarse con cargo ó RC 202300170654, por importe de 6.148,76€.

II. PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

ACORDO

Autorizar o gasto para a continuidade do contrato de servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e nos CMSS de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello, do Servizo de Benestar Social, co obxecto de dar cobertura ós gastos derivados da prestación deses servizos desde o 01 de outubro de 2023 e ata o 31 de outubro de 2023 (1 mes) polo importe 6.148,76 €, con cargo ó RC 202300170654.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(835).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DE 6 DE SETEMBRO DE 2023: SUBVENCIONES A ENTIDADES LOCALES PARA PROGRAMAS DE EMERXENCIA SOCIAL E INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA, INMIGRANTE E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN PARA OS ANOS 2023 A 2025, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+GALICIA 2021-2027. EXPTE. 256620/301.

Visto o informe de fiscalización do 05/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/10/2023, asinado pola xefa de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno de Política Social e Turismo e polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, que di o seguinte:

I.1. O 18 de setembro de 2023 (DOG Núm. 177) publicouse a “*ORDEN de 6 de septiembre de 2023 por la que se establecen las bases que regirán la concesión de subvenciones a entidades locales para programas de emergencia social e inclusión social de la población gitana, inmigrante y otras personas en riesgo de exclusión, para los años 2023 a 2025, cofinanciada por la Unión Europea en el marco del Programa FSE+ Galicia 2021-2027, y se procede a su convocatoria (código de procedimiento BS623C).*”



Concello de Vigo

I.2. Esta orde ten por obxecto o establecemento de subvencións ás corporacións locais en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao desenvolvemento de programas polos servizos sociais de titularidade municipal que teñan por finalidade á inclusión sociolaboral de colectivos de elevada vulnerabilidade a exclusión social e laboral.

I.3. Tipoloxía das subvencións:

1. Programas dirixidos á inclusión sociolaboral de colectivos vulnerables, que poden adoptar as seguintes tipoloxías:

- a) Programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana.
- b) Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante.
- c) Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social.
- d) Programas específicos dirixidos a persoas sen fogar.

2. Así mesmo, serán subvencionables os programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos a familias en situación ou risco de exclusión social

Cada tipoloxía de programa será solicitada no seu correspondente anexo (do II ao VI), en que se sinalarán a intervención social que se realizará e as súas accións complementarias, nas cales se especificará a natureza destas e demais datos relevantes para a resolución que lle sexan exixidos.

I.4. O Concello de Vigo xestiona programas incluídos na tipoloxía 1a, 1b, 1c e 1d así como na tipoloxía 2.

I.5. Entendemos que o Concello de Vigo cumpre cos requisitos para solicitar a subvención nas tipoloxías anteriormente citadas.

I.6. Entre a documentación a presentar se inclúe “Certificación da entidade en que conste o acordo ou resolución da entidade local de solicitar a subvención”.

I.7. Polo anteriormente exposto propoño se inicie expediente para a solicitude da subvención o abeiro da Orde do 6 de setembro de 2023

PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Solicitar a subvención ao abeiro da “ORDEN de 6 de setembro de 2023 por a que se establecen las bases que regirán la concesión de subvenciones a entidades locais para programas de emerxencia social e inclusión social de la población gitana, inmigrante y otras personas en riesgo de exclusión, para los años 2023 a 2025, cofinanciada por la Unión Europea en el marco del Programa FSE+ Galicia 2021-2027, y se procede a su convocatoria (código de procedimientto BS623C)”

Con todo, a XGL decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(836).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E NAS PISTAS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 22944/333.

Visto o informe xurídico do 11/09/2023 e o informe de fiscalización de data 15/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/08/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

a) A Xunta de Goberno Local , con data 28 de xullo de 2022 , acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a “CONTRATACION POR PROCEDIMENTO ABERTO ABREVIADO SIMPLIFICADO DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS (expte núm. 21243-333)”. para un período de un ano, e tres prórrogas dun ano cada unha delas (trámite núm. 147 do expte núm. 21243-333).

b) Dado que segundo o disposto no cláusula 22.1 do PCAP, corresponde ao servizo xestor a competencia par formular a proposta de resolución, con data 10.10.2022, o concelleiro-delegado de Deportes, resolve o seguinte (trámite núm. 190 do expte núm. 21243-333).:

“Adxudicar a BAYGAR, S.L. CIF: B12019659, por importe de 3.179,88 € con IVE, o SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL



Concello de Vigo

DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS, sendo o IVE do 21% de 551,88 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e da oferta presentada expte. 21243/333.”

c) O correspondente contrato, entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria Baygar, SL, foi formalizado o 13.10.2022 (trámite número 202 do expte núm. 21243-333). O prazo de execución do contrato, comezou o día 26.10.2022.

d) Con data 13.10.2022, enviouse dende o Servizo de Contratación, notificación de adxudicación á empresa adxudicataria BAYGAR, SL (trámite núm. 197 do expte núm. 21243-333), que consta recibida (trámite núm. 201 do expte núm. 21243-333).

e) Con data 21.12.2022, o adxunto á xefatura do Servizo de Deportes-director técnico, realizou INFORME PROPOSTA, dirixido á Intervención Xeral, PARA O AXUSTE DE ANUALIDADES DO EXPTE NÚM. 21243-333 “CONTRATACION POR PROCEDIMIENTO ABERTO ABREVIADO SIMPLIFICADO DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASSETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS (expte núm. 21243-333)” (trámite núm. 218 do expte núm. 21243-333), no que ficaban recollidos os prezos totais do contrato para o ano de vixencia.

f) Con data 4.08.2023, o aviso previo da primeira prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámite núm. 5 do expte núm. 22944-333). Consta acuse de recibo da recepción da notificación enviada dende este Servizo de Deportes (trámite núm. 9 do expte núm. 22944-333).

2.- Fundamentos de dereito:

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo de produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo,

acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de tres prórrogas, dun ano de duración cada unha.

A empresa adxudcataria non presentou documento de oposición en relación coa prórroga proposta.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

A empresa adxudicataria BAYGAR, SL, no transcurso do período contractual vén desenvolvendo este contrato de subministro en réxime de alugueiro, de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto á características técnicas das casetas instaladas, condicións de entrega e montaxe das mesmas, prazo de entrega e calidade das casetas instaladas.

4.- Prezo total do contrato.

O prezo total do contrato para é de 3.179,88 €, sendo a cota correspondente ao IVE (21%) de 551,88 €.

5.- Prezo para o período da primeira prórroga.

En atención a que a primeira prórroga será 1 ano, a partir da data de remate da vixencia do contrato na súa única anualidade, e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo para o período da prórroga (entre o 26.10.23 ata o 25.10.2024), será de 3.179,88 €.

6.- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo á aplicación orzamentaria 3420-2080000 "OUTRO MATERIAL", do orzamento de gastos en vigor da Concellaría de Deportes.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de subministros en anos anteriores. Polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.



Concello de Vigo

Polo anteriormente exposto e conforme co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cómpre a aprobación da primeira prórroga do **"CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E NAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDS. EXPTE NÚM. 21243-333"**.

Polo tanto, previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: aprobar a 1ª prórroga dun ano do "CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E NAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDS. EXPTE NÚM. 21243-333", a favor da adxudicataria BAYGAR, SL, para os período comprendido entre os días 26.10.2023 e 25.10.2024, ambos os dous incluídos, con cargo á partida orzamentaria 3420.2080000 "OUTRO MATERIAL", por un importe total, con IVE, de 3.179,88 €, que terá o seguinte desglose por anualidades:

- Ano 2023 (26.10.2023 a 31.12.2023): 572,73 €.
- Ano 2024 (01.01.2024 a 28.08.2024): 2.607,15 €.

Segundo: notificar o presente acordo de aprobación da 1ª prórroga, á empresa BAYGAR, SL co CIF B12019659, na súa condición de adxudicataria do **"CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E NAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDS. EXPTE NÚM. 21243-333"**, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(837).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN

RELACIÓN A SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2022-2023. EXPTE. 22469/333.

Visto o informe de fiscalización de data 09/10/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 09 de outubro de 2023 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro Delegado de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, o Xefe de servizo-director deportivo da Concellería de deportes, e o Técnico deportivo do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que o importe destinado ás subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, na que se detalla que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2022-2023, ou no ano 2023 de ser o caso, sobre un máximo de 86 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia do proxecto e da entidade deportiva no ámbito da cidade: Valorarase de forma xeral o proxecto, con ata 20 puntos, sempre que este reúna as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable e tendo en conta os seguintes criterios:

- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial (Provincial, autonómico, nacional ou internacional) das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

a.2. Organización de eventos deportivos que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase un só evento por entidade.

A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo

Para ser tido en conta, o proxecto deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado de acordo cos criterios indicados de valoración.

Valoraranse de forma xeral os proxectos, con ata 20 puntos, sempre que estes reúnan as condicións mínimas para que se consideren técnica e economicamente viables e tendo en conta os seguintes criterios:

- Volume de participación.
- Nivel deportivo da competición.
- Oficialidade da competición (Incluída no calendario oficial da federación)



Concello de Vigo

- Ámbito territorial da competición (Internacional, Nacional, autonómico, provincial ou local).
- Antigüidade do proxecto.
- Atención ó deporte feminino.
- Atención ó deporte adaptado.
- % de financiamento privado.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Número total de licencias (Mascullinas e femininas) ata categoría previa á absoluta incluída. Ata 22 puntos

Volume total de licencias ata a categoría previa á absoluta e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenís).

- 1 punto: De 10 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 200 licencias.
- 10 puntos: De 201 a 250 licencias.
- 12 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 14 puntos: De 301 a 350 licencias.
- 16 puntos: De 351 a 400 licencias.
- 18 puntos: De 401 a 450 licencias.
- 22 puntos: >450

Volume total de licencias de base ata a categoría previa á absoluta e puntuación para Actividades subacuáticas, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenís:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 4 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 5 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 7 puntos: De 1.201 a 1.300 licencias.
- 9 puntos: De 1.301 a 1.400 licencias.
- 12 puntos: De 1.401 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: De 1.501 a 2.000 licencias.
- 22 puntos: > de 2.000 licencias.

b.2. Número de licencias de categoría feminina: Ata 6 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenís).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 45 licencias.
- 3 puntos: De 46 a 60 licencias.
- 4 puntos: De 61 a 75 licencias.
- 5 puntos: De 76 a 90 licencias.
- 6 puntos: >90 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenís:

- 1 punto: De 45 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 4 puntos: De 401 a 450
- 4 puntos: De 451 a 500

- 6 puntos: >500 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 3 puntos.

Outorgaranse 3 puntos ós proxectos deportivos de entidades deportivas federadas cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

d) Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 15 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 15, por cada 600,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2022. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 600,00€ de gasto acreditado.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2022/2023, ou en calquera caso, no ano 2023 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

A esta convocatoria presentáronse un total de 193 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 189 e rexeitáronse 4 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de 1676 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 950.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 566,83€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa a Facenda autonómica autorizando ó Concello a comprobar este dato coa Seguridade Social, a AEAT e o Concello de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a presentación dunha declaración responsable. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 09 de outubro de 2023, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema



Concello de Vigo

deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1.676 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 950.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 566,83€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

- Distribuír as subvencións entre os clubs relacionados segundo consta no Anexo I, por un importe total de 914.252,47€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2023, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade na tempada 2022-2023.
- Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:
 - Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G36662344	22611-333

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4 de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2022/2023 ou no ano 2023:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
BALTO MUSHING TEAM	G01952456	22780-333
CLUB DEPORTIVO MOTOBOX	G36973105	22736-333
CLUB DE LLAVE Y PETANCA CARAPUCHA	G27779446	22697-333

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIÓNS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2022-2023.

	Nº EXPTE SOLSUB	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe SUBVENCIÓN
1	22594-333	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G36645109	22	12.470,17 €
2	22595-333	C.A.R MARISQUEIRO	G27737477	3	1.700,48 €
3	22596-333	CLUB VETERANOS SAMIL	G36841906	6	3.400,95 €
4	22597-333	COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	22	12.470,17 €
5	22598-333	CSCR BEADE	G36904530	8	4.534,61 €
6	22599-333	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G36645018	9	5.101,43 €

	Nº EXPTE SOLSUB	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe SUBVENCIÓN
7	22600-333	CLUB BADMINTON CIES	G36827418	17	4.500,00 €
8	22601-333	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G36875391	23	13.036,99 €
9	22602-333	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G36942142	55	30.000,00 €
10	22603-333	CLUB NOVOBASKET VIGO	G27791474	14	7.935,56 €
11	22604-333	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G36756831	2	1.133,65 €
12	22605-333	AGRUPACION GALICIA SOCIAL	G36622934	9	5.101,43 €
13	22606-333	CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL	G36948115	32	18.138,42 €
14	22607-333	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	G27871375	21	11.903,34 €
15	22608-333	CLUB BILAR MANHATTAN	G27852011	4	2.267,30 €
16	22609-333	CLUB BILLARISTA ERRANTES	G27825322	1	566,83 €
17	22610-333	CLUB BOLOS VALLADARES SAN BARTOLOME	G27738962	5	2.100,00 €
18	22573-333	CLUB DEPORTIVO SAGABOX	G36987626	4	2.267,30 €
19	22612-333	REBOURAS TEAM	G27812650	8	4.534,61 €
20	22613-333	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G36814515	2	1.133,65 €
21	22569-333	CLUB CICLISTA CORUXO	G27710730	6	3.400,95 €
22	22615-333	CLUB CICLISTA TEIS	G36754323	7	3.900,00 €
23	22616-333	CLUB CICLISTA VIGUES	G36650885	21	11.903,34 €
24	22617-333	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIESAS	G36703213	2	1.133,65 €
25	22618-333	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	G27727965	4	2.267,30 €
26	22619-333	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	G27776459	4	2.267,30 €
27	22620-333	ASOC.PLAYA DE SAMIL	G36918084	4	2.267,30 €
28	22621-333	ASOCIACION DEPORTIVA MENELA	G36817575	5	1.400,00 €
29	22622-333	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G36814093	4	2.267,30 €
30	22623-333	CLUB MINAUTA	G36834240	4	2.267,30 €
31	22624-333	CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G36819779	4	2.267,30 €
32	22625-333	CLUBE SALADINO CORTIZO	G36836716	4	1.900,00 €
33	22626-333	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G36869873	17	9.636,04 €
34	22627-333	SALA VIGUESA ESGRIMA ANTIGA	G94027513	8	4.000,00 €
35	22628-333	FALCATA	G27775808	1	566,83 €
36	22629-333	ARENAS DE ALCABRE SCD	G36823912	23	13.000,00 €
37	22630-333	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G36770931	11	6.235,08 €
38	22631-333	BALAIOS FC	G36737724	16	9.069,21 €
39	22632-333	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G36743433	7	3.967,78 €
40	22633-333	CLUB DEPORTIVO NIETO	G36687309	12	6.000,00 €
41	22634-333	CLUB PEÑASCO	G27804970	16	9.069,21 €
42	22635-333	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G36649283	38	21.539,38 €
43	22636-333	CLUB RAPIDO DE BOUZAS	G36711513	27	15.304,30 €
44	22637-333	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	15	8.502,39 €



Concello de Vigo

	Nº EXPTE SOLSUB	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe SUBVENCIÓN
45	22638-333	MOLEDO CLUB FUTBOL	G36734226	7	3.967,78 €
46	22639-333	RACING DE CASTRELOS FC	G36710762	15	8.502,39 €
47	22640-333	RAPIDO DE PEREIRO FC	G36874832	13	7.368,74 €
48	22641-333	SCD ATLANTIDA DE MATAMA	G36620854	14	7.935,56 €
49	22642-333	UVCD CANDEAN	G36863348	13	7.368,74 €
50	22643-333	C.D. TEIS	G36752640	6	2.868,22 €
51	22644-333	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G36647311	15	8.502,39 €
52	22645-333	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G36645612	14	7.935,56 €
53	22646-333	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G36690519	8	4.534,61 €
54	22647-333	CLUB DEPORTIVO COYA	G36753911	14	7.935,56 €
55	22648-333	GRAN PEÑA, C.F.	G36663656	17	9.636,04 €
56	22649-333	INDEPENDIENTE, C.F.	G36710416	17	9.636,04 €
57	22650-333	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G36684124	15	8.502,39 €
58	22651-333	UNION DEPORTIVA COMESAÑA	G36745586	5	2.834,13 €
59	22652-333	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA	G36628774	19	10.769,69 €
60	22653-333	ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO	G27808575	4	2.267,30 €
61	22654-333	C.D.A.P.A.Z F.S.	G27785039	9	5.000,00 €
62	22655-333	CLUB CIOS VIGO	G.36795680	14	7.935,56 €
63	22656-333	CLUB LABOR	G36926293	6	1.800,00 €
64	22657-333	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G36982239	29	16.437,95 €
65	22658-333	IES CORUXO FS	G27726835	17	9.636,04 €
66	22659-333	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G36645075	12	6.801,91 €
67	22660-333	CLUB APOSTOL SANTIAGO	G36646446	27	15.304,30 €
68	22661-333	CLUB MARISTAS EL PILAR	G36690782	5	2.834,13 €
69	22662-333	PECHECHES FÚTBOL SALA	G27778521	10	5.668,26 €
70	22663-333	CLUB HALTEROFILIA VIGO	G36757623	7	3.967,78 €
71	22664-333	CD. ESTABLOS VIGO	G36982296	1	566,83 €
72	22665-333	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G36684850	16	9.069,21 €
73	22666-333	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G36680239	25	14.170,64 €
74	22667-333	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G36681633	18	10.202,86 €
75	22668-333	JUDO CLUB GALICIA SUR	G27781541	6	3.400,95 €
76	22669-333	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G36870160	6	3.400,95 €
77	22670-333	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G27709120	2	1.133,65 €
78	22671-333	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G36955565	2	1.133,65 €
79	22672-333	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G36707586	5	2.834,13 €
80	22673-333	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G36708303	8	4.500,00 €
81	22674-333	KUZUSHI	G36696227	3	1.700,48 €
82	22675-333	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G36743540	1	566,83 €

	Nº EXPTE SOLSUB	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe SUBVENCIÓN
83	22676-333	CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	G36637890	7	3.967,78 €
84	22677-333	CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA	G36630192	6	2.900,00 €
85	22678-333	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G36850378	4	2.267,30 €
86	22679-333	VIGOENDURO MTB	G27864107	1	566,83 €
87	22680-333	C.N.VIGO RIAS BAIXAS	G36827079	30	17.004,77 €
88	22681-333	CLUB NATACION TRAVIESAS	G36823524	1	566,83 €
89	22682-333	CLUB NATACION SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G27763812	19	10.769,69 €
90	22683-333	PADEL FEMENINO CIES	G27713759	2	1.133,65 €
91	22684-333	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G36645091	18	10.202,86 €
92	22685-333	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G36811974	12	6.801,91 €
93	22686-333	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	19	10.769,69 €
94	22687-333	CLUB PATIN VAGALUME	G36982304	7	3.967,78 €
95	22688-333	CLUB PATINAJE BALAIOS	G27846864	19	6.000,00 €
96	22689-333	CLUB PATINAXE ART. VALLADARES	G36765733	11	6.235,08 €
97	22690-333	CLUB PATINAXE CORUXO	G27865831	10	3.000,00 €
98	22691-333	FEDERACION VIGUESAPEÑAS REC EL OLIVO	G36704666	13	4.000,00 €
99	22692-333	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA XESTAS	G36628543	3	1.700,48 €
100	22693-333	CLUB A TOXEIRA	G36849040	1	566,83 €
101	22694-333	CLUB DO LUME	G36852671	1	566,83 €
102	22695-333	CLUB LLAVE Y PETANCA VALLADARES	G36796316	1	566,83 €
103	22794-333	CLUB PETANCA ASOC VECINOS DE SAMPAIO	G36930832	1	566,83 €
104	22696-333	CLUB PETANCA BREOGAN	G36802247	1	566,83 €
105	22698-333	CLUB PETANCA ENSINO	G36798866	4	2.267,30 €
106	22699-333	CLUB PETANCA FLORIDA	G36792711	1	566,83 €
107	22700-333	CLUB PETANCA GALAICOS	G27840750	1	566,83 €
108	22701-333	CLUB PETANCA GALICIA	G36881639	1	566,83 €
109	22702-333	CLUB PETANCA MADROA	G27722354	1	566,83 €
110	22703-333	CLUB PETANCA TEIS	G36288413	2	1.133,65 €
111	22704-333	CLUB PETANCA VIGO	G36702413	1	566,83 €
112	22705-333	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA PARDAVILA	G36648996	1	566,83 €
113	22706-333	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	9	5.101,43 €
114	22707-333	CLUB PIRAGUISMO OLIVICO	G27822006	12	6.801,91 €
115	22708-333	CLUB DE REMO CORUXO	G36726750	7	3.967,78 €
116	22709-333	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G36650273	10	5.668,26 €
117	22710-333	CLUB REMO VIGO	G27852896	6	3.400,95 €
118	22711-333	CLUB CIES SQUASH	G27869437	22	12.470,17 €
119	22712-333	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G27736438	6	3.400,95 €
120	22713-333	VIGO SQUASH	G36929511	11	6.235,08 €



Concello de Vigo

	Nº EXPTE SOLSUB	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe SUBVENCIÓN
121	22714-333	A.D. KIAP	G36788594	4	2.267,30 €
122	22715-333	AS SPORT VIGO	G27749837	2	1.133,65 €
123	22716-333	CENTRO BUDO CASTRELOS	G36680106	5	2.834,13 €
124	22717-333	CLUB DEPORTIVO SEUN GSPORT	G27810761	4	2.267,30 €
125	22718-333	CLUB TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	3	1.700,48 €
126	22719-333	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G36613685	3	1.700,48 €
127	22720-333	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G36807881	1	566,83 €
128	22721-333	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G27730597	14	7.935,56 €
129	22722-333	C.D. COLEGIO MARIANO	G36649408	15	3.000,00 €
130	22723-333	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALLADARES	G36805158	20	11.336,52 €
131	22724-333	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G36614097	6	3.400,95 €
132	22725-333	CLUB ESCUELA ROSALÍA	G27827856	4	2.267,30 €
133	22726-333	GIMNASIO CLUB SIMÓN	G36886901	5	2.834,13 €
134	22727-333	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G36630127	5	2.834,13 €
135	22728-333	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	16	9.069,21 €
136	22729-333	BLACK VOLEY VIGO	G27747864	3	1.700,48 €
137	22730-333	CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS	G36713493	24	13.603,82 €
138	22731-333	FIT SPORT	G36988947	3	1.700,48 €
139	22732-333	CLUB XADREZ DR.CASÁS VILA DE BOUZAS	G36918613	2	800,00 €
140	22733-333	CLUB FLIC FLAC	G36931582	35	19.838,90 €
141	22734-333	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	17	9.636,04 €
142	22568-333	MANIOTAS	G36684819	29	16.437,95 €
143	22735-333	CLUB PETANCA SALGUEIRA	G36894517	2	900,00 €
144	22737-333	CLUB DEPORTIVO SAN JOSE DE CLUNY VIGO	G27857465	7	3.967,78 €
145	22738-333	XADREZ LUCENA	G36893154	3	1.700,48 €
146	22739-33	CLUB DEPORTIVO PASOS-BAILE GALICIA	G27750371	1	566,83 €
147	22740-333	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	G36612752	23	13.036,99 €
148	22741-333	VIGO RUGBY CLUB	G36680924	19	10.769,69 €
149	22742-333	CLUB MONTAÑA ALUD	G36897437	3	1.700,48 €
150	22743-333	club baile deportivo baila al compas	G27711597	3	1.000,00 €
151	22744-333	CLUB ARADELAS	G36642247	2	1.133,65 €
152	22745-333	AGRUPACION DEPORTIVA MONTECASTELO	G36747574	10	5.668,26 €
153	22746-333	CLUB DEPORTIVO BEADE	G27711472	6	3.400,95 €
154	22747-333	VIGO ROLLER DERBY	G27784552	3	1.700,48 €
155	22748-333	AGRUPACION DEPORTIVA CANDEAN VIXIADOR	G42761429	1	566,83 €
156	22749-333	EQUIPO ECUESTRE D.V.	G27868793	2	1.133,65 €
157	22750-333	VIGOPADEL	G27853951	2	1.133,65 €
158	22751-333	C.D.SAMPAYO	G36654564	2	1.133,65 €

	Nº EXPTE SOLSUB	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe SUBVENCIÓN
159	22752-333	ANPABAL FUTBOL CLUB	G27758168	3	1.700,48 €
160	22753-333	CLUB BOWLING CELTA	G36685345	4	2.267,30 €
161	22754-333	CLUB DE FÚTBOL SAN ESTEBAN	G36733020	1	566,83 €
162	22755-333	CLUB BALONCESTO RODABALLO	G36815413	1	566,83 €
163	22756-333	BOUZAS CAIAC	G67795062	1	566,83 €
164	22757-333	BALONA LINENSE	G36985984	4	2.267,30 €
165	22758-333	LIMITE 200 BOWLING CLUB	G36936938	1	566,83 €
166	22759-333	CLUB HELENIOS	G36855773	3	1.700,48 €
167	22760-333	CCR CABRAL	V36658680	5	2.695,00 €
168	22761-333	ASOC BASKETGAL	G27817584	5	2.500,00 €
169	22762-333	EXODUS TM	G27878610	2	1.133,65 €
170	22763-333	CLUB DEPORTIVO VALLADARES	G36629657	15	6.000,00 €
171	22764-333	AGRUPACION DEPORTIVA VIGO	G36651123	14	7.935,56 €
172	22765-333	CLUB INDALO PATINAXE ARTISTICO	G16794968	14	7.935,56 €
173	22766-333	CLUB SABAJANES	G36646271	1	566,83 €
174	22767-333	CLUB PETANCA O FORO	G27753284	1	566,83 €
175	22768-333	CLUB PETANCA BEMBRIVE	G36816114	1	566,83 €
176	22769-333	CLUB BALONMANO PLAYA PAINKILLERS	G27768118	9	2.999,99 €
177	22770-333	ARTE SUAVE ESPAÑA	G67723726	1	566,83 €
178	22771-333	CLUB BOLOS Celtas DE VALLADARES	G36881316	2	1.133,65 €
179	22772-333	TELMO PELUQUEROS, FC	G27766641	1	566,83 €
180	22773-333	CLUB DEPORTIVO DELIKIA	G67788828	15	8.502,39 €
181	22774-333	CLUB PETANCA OUTEIRO	G27788314	1	566,83 €
182	22775-333	CLUB BASKET RIAS BAIXAS	G27777127	8	4.500,00 €
183	22776-333	AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA	G36655033	3	1.700,48 €
184	22777-333	CLUB O PANASCO	G36757276	1	566,83 €
185	22779-333	MONTEFERRO BIKE CLUB	G36821338	5	2.834,13 €
186	22781-333	CLUB DE ESGRIMA CIUDAD DE VIGO	G36888543	2	1.133,65 €
187	22782-333	FLOW COMBAT	G27870765	2	1.133,65 €
188	22783-333	GMTA&CHUVONERS	G27782618	2	1.133,65 €
189	22572-333	CLUB ALBORADA FRONTENIS	G36683118	5	2.834,13 €

Vigo, na data da sinatura dixital

Os membros da comisión de valoración (Órgano Colexiado)

O Xefe do servizo de deportes-director deportivo. Rubén Peña Barceló

Conforme, O Concelleiro-delegado de Deportes. José Manuel Fernández Pérez (por delegación do Alcalde mediante resolución do 20 de xuño de 2023)



Concello de Vigo

Conforme, A Concelleira da área de Goberno de emprego, fondos europeos, patrimonio, medio ambiente, educación, deportes e xuventude. Elena Espinosa Mangana (por delegación do Alcalde mediante resolución do 20 e 28 de xuño e 3 de xullo de 2023. BOP 129 de 5 de xullo de 2023)

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á "CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2022-2023".

- Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G36662344	22611-333

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4 de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2022/2023 ou no ano 2023:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
BALTO MUSHING TEAM	G01952456	22780-333
CLUB DEPORTIVO MOTOBOX	G36973105	22736-333
CLUB DE LLAVE Y PETANCA CARAPUCHA	G27779446	22697-333

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(838).- RECTIFICACIÓN DE ERRO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS 2021-2022. EXPTE. 9195/335.

Visto o informe de fiscalización do 02/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/09/2023, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 09 de xuño de 2022 apróbese pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2021 - 2022 (expte. 9195/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 390.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

2. Con data, 17 de xuño de 2022 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2021-2022. O prazo de

presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, (20 de xullo de 2022) sendo o inicio o 21 de xullo e o remate o 11 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

4. Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 08:00 horas do día 9 de novembro de 2022 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por Dña. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas como vogal e Antía Mosquera González como secretario.

5. Co fin de valorar a documentación relativa as subvencións que é preciso emendar, a Comisión de Avaliación reúnese ás 09:00 horas do día 3 de abril de 2023 na planta cuarta do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por Dña. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas como vogal e Antía Mosquera González como secretaria.

Procédese a revisión da documentación presentada pola Asociación Cultural e Deportiva Xestas e compróbase que a entidade cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás subvencións solicitadas.

A devandita entidade solicitara, tal e como consta no expediente 9330-335, a subvención da Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas. E dentro desta liña, o punto 2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias. O número máximo de festas, programas ou actividade a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar é de DOUS (2). A entidade, solicitara:

- Con data 3 de agosto de 2022 (doc. núm. 220193418) acollerse á subvención dentro da Liña 2.2. Se solicitan o seguintes concepto subvencionable e o seguinte importe:
Programa de actividade XXVII CERTAME DA TORTILLA E CHURRASCO
Presuposto (ive incluído) 1.563,00 €
Importe solicitado 1.172,25 €
- Con data 3 de agosto de 2022 (doc. núm. 220193423) acollerse á subvención dentro da Liña 2.2. Se solicitan o seguintes concepto subvencionable e o seguinte importe:
Programa de actividade FESTA DE SAN XOAN
Presuposto (ive incluído) 1.114,40 €
Importe solicitado 838,805 €



Concello de Vigo

7. Revisada a documentación, advírtese un erro no outorgamento da subvención do ano 2022 á Asociación Cultural e Deportiva Xestas, por canto:

Onde dicía:

“Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas (...):

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9330-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festa de San Xoán	835.80 €

Debería dicir:

“Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas (...):

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9330-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festa de San Xoán	835.80 €
9330-335			XXVII Certame da Tortilla e o Churrasco	1.172,25 €

8. No acordo da XGL do 16/12/2022 no que non se incluía este importe de 1.172,25 euros, preveuse un gasto da *Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas*, por un total de 93,183.89 €, polo que este gasto non previsto debe ser aprobado, previa fiscalización da Intervención Municipal.

9. Con data 12 de abril de 2023 foi emitido pola xefatura de Festas, informe-proposta de retificación do erro advertido.

10. Con data 3 de maio de 2023 a Intervención Xeral municipal devolve o expediente mediante dilixencia na que se require valoración previa da comisión de valoración.

11. O día 5 de maio de 2023 a Comisión de Valoración reúne-se co seguinte resultado de valoración:

A contía individualizada que lle corresponde á entidade **ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS** conforme á Base Décimo Primeira é

Programa de actividade	Puntuación total obtida	Importe por puntos	Presuposto (ive incluído)	75% Presupuesto (ive incluído)	Importe solicitado	Cuantía subvencionable	% subvencionable respecto do solicitado
Festa de San Xoan (xa outorgada)	51	3.409,57 €	1.114,40 €	835,80 €	835,80 €	835,80 €	100,00 %
XXVII Certame Tortilla e Churrasco	61	4.077,85 €	1.563,00 €	1.172,25 €	1.172,25 €	1.172,25 €	100,00 %
TOTAL						2.008,05 €	

FUNDAMENTOS

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 109 permite ás administracións rectificar en calquera momento de oficio os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

De acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Participación Cidadá e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Retificar o acordo da XGL de 16/12/2022, de xeito que, onde dicía:

"...a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:(...)

Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas:

(...)

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9330-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festa de San Xoán	835.80 €

debería dicir:

"...a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:(...)

Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas:

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9330-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festa de San Xoán	835.80 €
			XXVII Certame da Tortilla e o1.172,25 € Churrasco	

SEGUNDO.- Aprobar a concesión da subvención a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas, pola organización da Festa de San Xoán e o XXVII CERTAME DA TORTILLA E DO CHURRASCO no ano 2022.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o **gasto total de 2.008,05 euros** a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas G36628543 con enderezo social na rúa Estrada das Plantas, 31, 36313 Vigo, Pontevedra segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 99195-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4890000 (Transferencia a Entidades e Comisións de Festas) do vixente orzamento.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(839).- BASES DE PARTICIPACIÓN PARA O CONCURSO VENDE COS REIS MAGOS 2023/2024. EXPTE. 9949/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/10/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

O Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2024, venres, na cidade de Vigo.

Como vén sendo habitual, o concello ofrece ás nenas e aos nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: **“Vende cos Reis Magos”**.

O concurso ten por obxecto seleccionar a corenta nenas e nenos da cidade para acompañar ás súas maxestades nas carrozas reais, dentro da comitiva real.

Este concurso ten como única limitación a idade dos participantes por motivos de seguridade. Nesta edición só poden participar aqueles nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2015.

A inscrición para o concurso realízase cumprimentando unha solicitude que poderase descargar da páxina web municipal (www.vigo.org); así mesmo repartiranse exemplares destas solicitudes entre os centros cívicos, colexios e asociacións culturais do termo municipal. Só se aceptará unha solicitude por nena/o. Os pais, as nais ou as persoas titoras dos nenos seleccionados terán que asinar a pertinente autorización ou, se é o caso, a renuncia expresa.

As solicitudes depositaranse nas caixas de correos do Carteiro Real que se instalarán na entrada á Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saians.

As bases de participación para este concurso publicaranse mediante anuncio na páxina web municipal www.vigo.org.

Á vista do exposto, previo previa conformidade da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, formulamos á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

PROPOSTA:

Aprobar as Bases de participación que se achegan como anexo ao presente informe ao concurso 'Vende cos Reis Magos 2023-2024' que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenas/os para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2024”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2022-2023”

1.- Obxecto

O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos, en total, para acompañar aos Reis Magos na Cabalgata de Reis, que terá lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2024. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e na do Carreiro Real.

2.- Requisitos de participación

Neste concurso poderán participar todas as nenas e todos os nenos da cidade que o desexen.

A única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2015, ambos incluídos.

Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

3.- Lugar de presentación de solicitudes

As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carreiro Real que se instalarán na entrada á Lonxa da Casa do Concello e nos Centros Cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns.

Para participar só será necesario cubrir a solicitude de participación que poderá descargarse da páxina web municipal (www.vigo.org) así mesmo repartiránse exemplares entre centros cívicos, colexios e asociacións culturais.

Só se aceptará unha solicitude por nena ou neno, sendo eliminados do concurso aquelas persoas que presenten máis dunha solicitude por nena/o.

O período de inscrición será do 20 de novembro ao 10 de decembro de 2023, ambos incluídos.

Finalizado o prazo de inscrición elaborárase unha lista de participantes. Ao abeiro de dita lista convocarase sorteo público.

4.- Protección de datos

A protección de datos garante o dereito dos cidadáns e cidadás a controlar os seus datos persoais e a dispor e decidir sobre os mesmos. Toda a cidadanía ten o dereito fundamental á protección da súa privacidade e dos seus datos persoais.

O tratamento dos datos de carácter persoal que se reciban a través desta sede electrónica axustarase aos principios e obrigacións establecidos no [Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 \(RGDP\)](#), relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos, e polo que se derroga á Di-



Concello de Vigo

rectiva 95/46/CE, e a [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais](#).

O Concello de Vigo comprométese ao cumprimento da súa obrigaçión de confidencialidade con respecto aos datos de carácter persoal que poidan ser solicitados a través dos servizos da súa sede, e ao seu tratamento. Para estes efectos, adoptaranse as medidas necesarias para evitar a súa alteraçión, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

A recollida e tratamento automatizado de datos de carácter persoal ten como única finalidade a prestación dos servizos solicitados, e o seguimento de consultas realizadas polas persoas usuarias.

Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar da finalidade, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Con carácter xeral non se comunicarán os datos persoais a terceiros, salvo obrigaçión legal, entre as que poden estar as comunicacións a xuíces e tribunais.

En todo momento poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificaci3n, cancelaci3n ou oposici3n solicit3ndoo 3 Direcci3n da Axencia por calquera medio que deixe constancia do seu env3o e da súa recepci3n.

M3ais informaci3n:

https://sede.vigo.org/expedientes//sede_textos/texto.jsp?idt=sede_lopd&lang=gal

5.- Lugar e data do sorteo

Finalizado o prazo de inscriç3n convocarase o sorteo p3blico. Este sorteo realizarase ante un funcionario/a municipal que teña asignada a fe p3blica, para a selecci3n dos corenta (40) participantes.

O sorteo realizarase o d3a 15 de decembro de 2023, 3s 12:00 horas, no Auditorio Municipal da Casa do Concello.

No sorteo, ademais das nenas e nenos seleccionadas/os, elixiranse doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.

Do resultado do sorteo elaboraranse unha lista dos 40 candidatos seleccionados e unha lista de 12 suplentes.

6.- Documentaci3n a achegar das persoas seleccionadas

Os pais, nais ou titor/es das nenas e dos nenos seleccionados no sorteo deber3n, previa comunicaci3n do Servizo de Festas, achegar a seguinte documentaci3n:

- A autorizaci3n de participaci3n da nai/pai/titor/a do neno ou nena, segundo modelo facilitado polo Servizo de Festas
- A autorizaci3n para o uso de imaxes dos nenos e nenas participantes que se obteñan na v3a p3blica
- DNI ou libro de familia no que se acredite a idade do neno ou nena
- Documento acreditativo da s3a condici3n de pai, nai ou titor/a do menor seleccionado
- Un n3mero de tel3fono de contacto onde localizar ao pai/nai/titor/a e unha direcci3n de correo electr3nico onde notificar o requirimento de documentaci3n

No caso de non chegar esta documentación no prazo indicado polo servizo de festas, o concello poderá decláralos decaídos da súa solicitude de participación, e procederase a un novo chamamento na lista de suplentes.

O neno ou nena, que por razóns persoais, non poda asistir á cabalgata, deberá comunicalo o antes posible ao servizo municipal de festas, co fin de cubrir dita praza.

7.- Seguro de Responsabilidade Civil

O Concello de Vigo disporá dunha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos ocasionados ou sufridos polos participantes no desenvolvemento deste evento.

8.- Órgano competente

A Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

9.- Publicidade

As bases de participación neste concurso publicaranse mediante anuncio na páxina web municipal www.vigo.org e nos medios de comunicación locais.

10.- Outras obrigas

A inscrición para participar neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Todo neno ou nena que participe como figurante na cabalgata, deberá ir acompañado en todo momento por un adulto responsable. Este adulto, estará obrigado a participar nunha charla informativa sobre seguridade que será impartida por este concello o día 3 de xaneiro de 2024 ás 11:00 horas no auditorio municipal. Do mesmo xeito deberán colaborar co persoal encargado da organización do evento durante o recorrido de la Cabalgata.

11(840).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FINANCIAR TRABALLOS DE CONSERVACIÓN OU ENRIQUECEMENTO DE BENS INMOBLES DO PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL, DENTRO DO “PROGRAMA 2% CULTURAL” DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA. EXPTE. 11498/307.

Visto o informe de fiscalización de data 10/10/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES



Concello de Vigo

1.- Con data 22/07/2023 o BOE publica o extracto da Orde do 20 de xullo de 2023 pola que se convocan axudas para financiar traballos de conservación ou enriquecemento de bens inmoables do Patrimonio Histórico Español dentro do “Programa 2% Cultural” do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Dita convocatoria regúlase pola Orde FOM/193272014, do 30 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para actuacións de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico Español, con cargo aos recursos procedentes das obras públicas financiadas polo Ministerio de Fomento e polas Entidades do sector público dependentes ou vinculadas (BOE do 22 de outubro de 2014).

2.- No ano 2019 o concelleiro delegado de Patrimonio acordou contratar ao arquitecto Emilio Estévez Fernández a redacción dun proxecto básico de intervención da mellora das condicións ambientais do edificio municipal do Pazo Museo Quiñones de León (exp. 20246-240).

A motivación de dita contratación fundamentouse na antigüidade do ben que data do século XVII, sendo reformado a finais do século XIX e principios do século XX, e que conta coa catalogación de Ben de Interese Cultural. O Pazo de Castrelos foi doado á cidade de Vigo no ano 1924 polo Marqués de Alcedo, D. Fernando Quiñones de León, quen dispuxo que se dedicase a museo, se ben na actualidade, as condicións ambientais do interior do edificio non son as máis axeitadas para o seu fin museístico.

3.- En relación coa autorización sectorial en materia de protección do Patrimonio histórico, o Concello de Vigo remitiu, en marzo de 2020, o proxecto básico á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, de acordo co artigo 39.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que concluíu no mes de maio de 2020 que “a documentación recibida resultaba incompleta polo que, para poder informar dita solicitude, deberá aportar a documentación requirida según as consideracións do informe técnico”.

Deste xeito, en xuño de 2020 contratouse a redacción do proxecto de execución de intervención da mellora das condicións ambientais do edificio municipal do Pazo Museo Quiñones de León (exp. 20562-240).

Finalmente, a Xunta de Galicia, mediante resolución do 12/09/22, resolveu “autorizar as actuacións propostas dado que son respetuosas co ben protexido”.

4.- A intervención obxecto da presente convocatoria trata en esencia a mellora das condicións ambientais do Pazo de Castrelos, situado no parque homónimo. Este Pazo, e de maneira ininterrompida dende o ano 1924 trala doazón do Pazo á cidade de Vigo por parte do Marqués de Alcedo, constitúese como sede permanente do museo municipal “Quiñones de León”. Neste xeito, considérase sumamente destacable a necesidade da actualización en ámbitos de accesibilidade, sostenibilidade e eficiencia, dunhas instalacións tan arraigadas cultural e historicamente á cidade de Vigo e as súas xentes.

Proxéctase esta intervención para mellorar as condicións ambientais no interior do edificio “Pazo Museo Quiñones de León” consistente na adopción de medidas para o tratamento das deficiencias de estanqueidade da envolvente exterior a través da restauración de carpinterías e na implantación dun adecuado sistema de climatización.

O mal estado das carpinterías e a falta dun sistema de climatización, favorecen a perda calorífica e a permanente humidade das estancias interiores provocando como consecuencias ambientes de traballo insalubres e condicións desfavorables para a conservación das pezas de arte.

Por elo a obra plantexada ten dúas vertentes:

- A primeira é a renovación de toda a carpintería das fachadas para mellorar a estanqueidade, o aillamento higratérmico e a eficiencia enerxética do edificio.
- A segunda é a implantación dun sistema de climatización para garantir uns niveis adecuados de temperatura e humidade relativa no interior do edificio para o uso ao que se destina.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

1.- No artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, recolle as materias nas que o municipio exerce competencias propias, e sinala o seguinte:

“O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) ... Protección e xestión do Patrimonio histórico ... Conservación e rehabilitación da edificación.

... m) “Promoción da cultura e equipamentos culturais.”

2.- Por Decreto de Alcaldía do 20/06/2023 resólvese delegar na Xunta de Goberno Local as funcións executivas e administrativas sinaladas no artigo 127 da Lei 7/85, entre as que se atopa:

“1.- A formulación de solicitudes de subvencións a outras administracións ou organismos públicos e aceptación da súa concesión”.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

III.- ACORDO

1.- Aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para financiar traballos de conservación ou enriquecemento de bens inmobles do Patrimonio Histórico Español dentro do “Programa 2% Cultural” do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (BOE 22/07/23) co PROXECTO DE INTERVENCIÓN DA MELLORA DAS CONDICIÓN AMBIENTAIS DO EDIFICIO MUNICIPAL DO PAZO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN.

2.- Delegar na Primeira tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, M.^a del Carmen Silva Rego a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola Orde FOM/193272014, de 30 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para actuacións de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico Español, con cargo aos recursos procedentes das obras públicas financiadas polo



Concello de Vigo

Ministerio de Fomento e polas Entidades do sector público dependentes ou vinculadas (BOE de 22 de outubro de 2014).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(841).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO “MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO” E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS. EXPTE. 1472/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/10/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos-xefe de Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, a técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario, o asesor xurídico de Servizos Xerais e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 7 de novembro de 2022 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castañón emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “**MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO**” informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, por medio de Orde de Servizo da mesma data, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 10 de novembro de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “**MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO**”.

IV.- Con data 29 de setembro de 2023, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto de “**MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO**” ,

redactado polo Enxeñeiro de Camiños, canles e portos, Oscar Gómez Espiño, cun orzamento de execución material de NOVENTA E NOVE MIL CENTO TRINTA E OITO EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (99.138,58 EUROS), e presuposto de licitación IVE excluído de 117.974,91 € (cento dezasete mil novecentos setenta e catro euros con noventa e un céntimos). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 18/09/2023.

V.- Con data 29 de setembro de 2023 a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	AQUATICA	1.982,77 €
Asistencia técnica á D.O.	AQUATICA	1.982,77 €
Coordinación de seguridade e saúde	AQUATICA	495,69 €
	SUMA	4.461,23 €
	11% Gastos de Xestión	490,74 €
	TOTAL (IVE excluído)	4.951,97 €

VI.- A Enxeñeira Industrial, D^a Cristina Tapias Bouso e a Técnica Media de Obras Públicas, D^a María Francisca Arlandis Marra, con data 4 de outubro de 2023 emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con data 3 de outubro de 2023 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal emite informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse



Concello de Vigo

en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de proxecto de “**MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, canles e portos, Oscar Gómez Espiño, cun orzamento de execución material de NOVENTA E NOVE MIL CENTO TRINTA E OITO EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (99.138,58 EUROS), e presuposto de licitación IVE excluído de 117.974,91 € (cento dezasete mil novecentos setenta e catro euros con noventa e un céntimos). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 18/09/2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO**”, por un importe de 4.951,97 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	AQUATICA	1.982,77 €
Asistencia técnica á D.O.	AQUATICA	1.982,77 €
Coordinación de seguridade e saúde	AQUATICA	495,69 €
	SUMA	4.461,23 €
	11% Gastos de Xestión	490,74 €
	TOTAL (IVE excluído)	4.951,97 €

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D^a Cristina Tapias Bouso, Enxeñeira Industrial Municipal e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(842).- PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN ADXUDICADO POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPTE. 52543/444.

Visto o informe xurídico do 26/09/2023 e o informe de fiscalización do 05/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/09/2023, asinado pola enxeñeira industrial, a técnica de Xestión - xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

"...Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de SUBMINISTRO DE ENERXÍA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a IBERDROLA CLIENTES S.A.U., con data 7 de abril de 2022 e formalizado o 12 de maio de 2022.

Cuarto.- O contrato baseado iniciarase en data 1 de novembro de 2022, por canto o contrato vixente de subministro de enerxía eléctrica (Expediente 52008-444) adxudicado pola Xunta de Goberno local a IBERDROLA CLIENTES, rematará o vindeiro 31 de outubro de 2023.

Quinto.- Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas aplicacións orzamentarias da táboa seguinte, e coa distribución en anualidades que sinala:



Concello de Vigo

			TOTAL CON IVE	Novembro/ Decembro 2022	Xaneiro/Outubro 2023
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	213.782,80 €	38.480,90 €	175.301,90 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	10.001.068,98 €	1.800.192,42 €	8.200.876,56 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	181.250,36 €	32.625,07 €	148.625,30 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	1.767.647,52 €	318.176,55 €	1.449.470,97 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	2.060.493,04 €	370.888,75 €	1.689.604,29 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	2.656.268,27 €	478.128,29 €	2.178.139,98 €
			16.880.510,97 €	3.038.491,97 €	13.842.018,99 €

...”

Segundo.- Con data 2 de agosto de 2023 recíbese por rexistro xeral (doc. 230238832) o aviso de finalización de contrato en data 31 de outubro de 2023.

Terceiro.- O Prego de cláusulas administrativas que rexe a celebración do acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP, no seu artigo 21.2 contempla unha prórroga de 1 ano. Ademais estipula a necesidade de realizar, por parte do órgano de contratación, un preaviso de prórroga dous meses antes da finalización do contrato.

Cuarto.- Con data 11 de agosto de 2023 notifícase o preaviso de prórroga da adhesión ao Acordo marco para o subministro de enerxía en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP, por un período dun ano a contar dende a finalización do presente contrato, tal e como establece o artigo 29.9 da lei 9/2017, de 8 de Novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e a cláusula 21.2 do Prego de cláusulas administrativas que rexe a celebración do acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP.

A comunicación do presente faise coa antelación mínima esixida de 2 meses tal e como esixe o devandito artigo 29.2 LCSP e leva consigo a obrigatoriedade da prórroga establecida para o contratista.

Quinto.- O Prego de cláusulas administrativas que rexe a celebración do acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP no seu artigo 21.2.1 estipula para os prezos aplicables na prórroga:

“(…)

No caso de que o Órgano de Contratación decida exercer a prórroga, os prezos aplicables á mesma serán os prezos revisados conforme ao disposto na cláusula 16.3 do PCA, tendo en conta os

acumulados resultantes das variacións (á alza ou á baixa) das 4 revisións trimestrais posteriores a data fin de presentación de ofertas. A información das revisións axustarase ao acordado no seo da Comisión de Control e Supervisión do Acordo Marco, sendo publicadas na web da central de contratación. Aínda cando a variación do cuarto trimestre non se atope publicada no momento do envío do aviso previo/previo aviso, esta deberá aplicarse aos prezos do período de prórroga se a mesma publícase con anterioridade ao comezo da prórroga...”

Sexto.- Con data 18 de setembro de 2023 a empresa subministradora do servizo comunica a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo os prezos revisados conforme ao disposto na cláusula 16.3 do PCA.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de cláusulas administrativas que rexe a celebración do acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP, no seu artigo 21.2 contempla unha prórroga de 1 ano. Ademais estipula a necesidade de realizar, por parte do órgano de contratación, un preaviso de prórroga dous meses antes da finalización do contrato.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que subscriben a proposición da primeira prórroga do contrato baseado no Acordo marco para o subministro de enerxía en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

Quinto.- O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 1/11/2023 ata o 31/10/2024, sendo que o prezo anual ascende a un total de NOVE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (9.899.455,61 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.617.676,49 €

Ao tratarse dun acordo marco o prezo e xustificación da prórroga do contrato derivase da revisión de prezos presentada por Iberdrola Clientes S.A.U., a cal foi a seguinte:

PRECIO REVISADO SEGÚN CONVERSIÓN ACORDADA CON FEMP EN BASE A CIRCULAR 3 CNMC

Los precios contemplan el precio para el término de energía en €/kWh con 6 decimales (incluyéndose los peajes y recargos del TE *vigentes a la fecha de emisión de la presente comunicación*), ya que respecto al precio del término de potencia ("reglado") se estará a lo dispuesto en el Anexo II del PCA.

TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0 TD	0,272496	0,218069	0,176574	-	-	-
3.0 TD	0,235187	0,212547	0,210064	0,216734	0,19578	0,175972
6.1 TD	0,198874	0,178464	0,184881	0,188536	0,166935	0,151593
6.2 TD	0,507007	0,469667	0,585441	0,52039	0,417507	0,480591
6.3 TD	0,529972	0,470793	0,551349	0,493314	0,382984	0,465891
6.4 TD	0,457494	0,431089	0,532796	0,524422	0,437897	0,460508
3.0 TDVE	0,744626	0,618712	0,720358	0,589164	0,517191	0,568879
6.1 TDVE	0,715497	0,656403	0,730496	0,636712	0,481458	0,536103

Tendo en conta que actualmente o CAP do gas é custe 0€ e que este imposto está regulado solo ata decembro de 2023, aplicarase custe 0€ na estimación do prezo da prórroga.

Táboa previsión de consumos de enerxía:

No referente a estimación dos consumos establece-se en base ao histórico unha valoración de consumo para cada un dos grupos e de acordo a cada unha das tarifas de aplicación.

Tarifa	Nº suministros	Consumo Anual Estimado (kWh)						TOTAL
		P1	P2	P3	P4	P5	P6	
2.0TD	1028	5.120.479	4.902.139	9.767.626	-	-	-	19.790.244
3.0TD	133	1.338.325	1.528.327	1.349.393	1.639.931	679.769	4.532.410	11.068.155
6.1TD	17	645.729	765.041	685.697	828.247	351.155	2.702.160	5.978.029
Total	1178	7.104.533	7.195.508	11.802.716	2.468.178	1.030.924	7.234.570	36.836.429

Táboa previsión de potencias contratadas:

Tarifa	Nº suministros	Potencia Contratada (kW)					
		P1	P2	P3	P4	P5	P6
2.0TD	1028	6.237	6.237	-	-	-	-
3.0TD	133	4.577	4.605	4.605	4.605	4.605	4.663
6.1TD	17	2.124	2.124	2.124	2.124	2.124	3.517
Total	1178						

Táboa de custes regulados:

Precio Regulado TÉRMINO DE POTENCIA (€/kW y año)						Precio Regulado TÉRMINO DE ENERGÍA (€/kWh)						Alquiler EM (€/mes)
P1	P2	P3	P4	P5	P6	P1	P2	P3	P4	P5	P6	
25,383055	1,342713					0,072991	0,028573	0,003175				0,9
13,982509	11,899074	4,002045	3,653973	2,732707	2,001136	0,043935	0,033803	0,01617	0,009539	0,003549	0,00237	8,15
22,965215	19,841178	10,327582	8,560662	1,908583	1,148958	0,031341	0,02421	0,011287	0,007054	0,002068	0,001426	76,57

Prezo da enerxía pura ofertada por Iberdrola S.A.U.:

Precio Energía Pura (€/kWh)					
P1	P2	P3	P4	P5	P6
0,199505	0,189496	0,173399			
0,191252	0,178744	0,193894	0,207195	0,192231	0,173602
0,167533	0,154254	0,173594	0,181482	0,164867	0,150167

Tendo en conta os datos anteriores, xustifícase o prezo para a prórroga proposta:

			CUSTE ENERXÍA+CUSTE POTENCIA	CAP GAS	Alugueiro equipo de medida	IE (5,1127%)	Bonificación IE 0,5% hasta DIC 2023	IVA	Bonificación IVA 5% TARIFAS 2.0 hasta DIC 2023	IVE TOTAL	TOTAL CON IVE
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	106.352,26 €	0,00 €	2.257,20 €	5.437,47 €	-817,62 €	23.778,16 €	-3.019,45 €	20.758,71 €	133.988,02 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	4.800.959,26 €	0,00 €	15.267,36 €	245.458,64 €	-36.908,97 €	1.055.203,02 €	-102.863,59 €	952.339,43 €	5.977.115,73 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	83.932,31 €	0,00 €	748,80 €	4.291,21 €	-645,26 €	18.548,68 €	-778,79 €	17.769,89 €	106.096,95 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	801.484,10 €	0,00 €	6.384,12 €	40.977,48 €	-6.161,68 €	176.963,64 €	-4.743,11 €	172.220,54 €	1.014.904,56 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	914.703,58 €	0,00 €	6.516,60 €	46.766,05 €	-7.032,09 €	201.800,37 €	-4.892,69 €	196.907,67 €	1.157.861,82 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	1.188.645,40 €	0,00 €	11.529,12 €	60.771,87 €	-9.138,11 €	262.879,74 €	-5.199,49 €	257.680,25 €	1.509.488,54 €
			7.896.076,91 €	0,00 €	42.703,20 €	403.702,72 €	-60.703,72 €	1.739.173,61 €	-121.497,12 €	1.617.676,49 €	9.899.455,61 €



Concello de Vigo

Sexto.- O importe da primeira prórroga imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias, segundo a seguinte distribución anual:

			TOTAL CON IVE	Novembro/Decembro 2023	Xaneiro/Outubro 2024
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	133.988,02 €	22.331,34 €	111.656,68 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	5.977.115,73 €	996.185,95 €	4.980.929,77 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	106.096,95 €	17.682,82 €	88.414,12 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	1.014.904,56 €	169.150,76 €	845.753,80 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	1.157.861,82 €	192.976,97 €	964.884,85 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	1.509.488,54 €	251.581,42 €	1.257.907,11 €
			9.899.455,61 €	1.649.909,27 €	8.249.546,34 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a primeira prórroga dun ano de duración do vixente contrato baseado no Acordo marco para o subministro de enerxía en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP, formalizado coa entidade mercantil IBERDROLA CLIENTES S.A.U., polo período comprendido dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do baseado no Acordo marco para o subministro de enerxía en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP, a favor da entidade mercantil IBERDROLA CLIENTES S.A.U., por importe de NOVE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (9.899.455,61 €) Ive engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.617.676,49 €; e imputando o devandito gasto ás seguinte aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución anual:

			TOTAL CON IVE	Novembro/Diciembre 2023	Xaneiro/Outubro 2024
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	133.988,02 €	22.331,34 €	111.656,68 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumado público	5.977.115,73 €	996.185,95 €	4.980.929,77 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	106.096,95 €	17.682,82 €	88.414,12 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	1.014.904,56 €	169.150,76 €	845.753,80 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	1.157.861,82 €	192.976,97 €	964.884,85 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	1.509.488,54 €	251.581,42 €	1.257.907,11 €
			9.899.455,61 €	1.649.909,27 €	8.249.546,34 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria IBERDROLA CLIENTES S.A.U. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Propostas de adxudicación da contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa “Vigo en estas”. Expte. 9706/335.
- .- Proposta de adxudicación da contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial. Expte. 11161/307.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

15(843).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS, ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. Expte. 9706/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 11/10/2023 dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 10/10/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa “Vigo en Festas” (9706-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa “Vigo en Festas” (9706-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 23 de marzo de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de maio de 2023 asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 140.360,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 116.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2023.

O orzamento desglosado para cada LOTE:

- Lote 1: 30.250,00 €, sendo o iva 5.250,00 €
- Lote 2: 18.150,00 €, sendo o iva 3.150,00 €
- Lote 3: 45.980,00 €, sendo o iva 7.980,00 €
- Lote 4: 22.990,00 €, sendo o iva 3.990,00 €
- Lote 5: 22.990,00 €, sendo o iva 3.990,00 €

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 1 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2023 de exclusión de BARAFUNDA, S.L. do lote 1 e de BIGLAB S.L.U. do lote 5, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido na cláusula 16A do PCAP (“Na valoración deste criterio, de conformidade co disposto no artigo



Concello de Vigo

146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 22,50 puntos”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa “Vigo en Festas” (9.706-335) na seguinte orde descendente:

LOTE 1 ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE GRUPOS MUSICAIS

	Licitador	Puntuación total
1	BIGLAB, S.L.U.	89,00 puntos

LOTE 2 ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE GRUPOS DE BAILE

	Licitador	Puntuación total
1	VIGO POR LA DANZA	77,50 puntos

LOTE 3 ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE BANDAS DE MÚSICA POPULAR

	Licitador	Puntuación total
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	72,50 puntos
2	BIGLAB, S.L.U.	50,00 puntos

LOTE 4 ACTUACIÓN MUSICAIS E ACTIVIDADES INFANTÍS

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	99,00 puntos

LOTE 5 PASARRÚAS CON MÚSICA

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	85,00 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) (lote 1), VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975) (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G-36.855.906) (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) (lotes 4 e 5) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BIGLAB, S.L.U. (lote 1), VIGO POR LA DANZA (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5), o día 5 de

setembro de 2023, que presentaron a documentación requirida, dentro do prazo concedido, nas seguintes datas:

1. BIGLAB, S.L.U. (lote 1): o 12 de setembro.
2. VIGO POR LA DANZA (lote 2): o 17 de setembro.
3. FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3): o 15 de setembro.
4. BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5): o 8 e o 19 de setembro.

A maiores, e xa finalizado o prazo, VIGO POR LA DANZA, presentou documentación o 20 de setembro.

En base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitir esta documentación.

A Mesa de Contratación na sesión do 28 de setembro de 2023 acordou conceder un prazo de 3 días aos devanditos licitadores para que puidesen emendar a documentación presentada e, estes, durante o prazo concedido, presentan a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 10 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada por BIGLAB, S.L.U. (lote 1), VIGO POR LA DANZA (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5), sendo esta correcta, polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas que se abstén.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, BIGLAB, S.L.U. (lote 1), VIGO POR LA DANZA (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Concello de Vigo

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formuladas por BIGLAB, S.L.U. (lote 1), VIGO POR LA DANZA (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 e 30 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2023 de exclusión de BARAFUNDA, S.L. do lote 1 e de BIGLAB S.L.U. do lote 5, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido na cláusula 16A do PCAP (“Na valoración deste criterio, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 22,50 puntos”).*
2. *Adxudicar a BIGLAB, S.L.U. o lote 1 “Actuacións artísticas de grupos musicais” do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa “Vigo en Festas” (9706-335) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo total do lote 1 é de 30.250,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.250,00 euros.*
 - *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 1 do 0 %.*
3. *Adxudicar a VIGO POR LA DANZA o lote 2 “Actuacións artísticas de grupos de baile” do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa “Vigo en Festas” (9706-335) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo total do lote 2 é de 18.150,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.150,00 euros.*
 - *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 2 do 1 %.*
4. *Adxudicar á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO o lote 3 “Actuacións artísticas de bandas de música popular” do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa “Vigo en Festas” (9706-335) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo total do lote 3 é de 45.980,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.980,00 euros.*
 - *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 3 do 5 %.*

- *Propón a participación de 1 persoa cun grao de discapacidade recoñecida oficialmente superior ao 33% na composición escénica do espectáculo.*
5. *Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. o lote 4 “Actuacións musicais e actividades infantís” e o lote 5 “Pasarrúas con música” do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa “Vigo en Festas” (9706-335) coas seguintes condicións:*

- Lote 4 “Actuacións musicais e actividades infantís”

- *O prezo total do lote 4 é de 22.990,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.990,00 euros.*
- *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 4 do 3,26 %.*

- Lote 5 “Pasarrúas con música”

- *O prezo total do lote 5 é de 22.990,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.990,00 euros.*
- *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 5 do 3,26 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(844).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL. Expte. 11161/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 11/10/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 10/10/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial polo procedemento aberto e tramitación urxente.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións técnicas asinado o 22 de xuño de 2023 polo xefe de Montes, Parques e Xardíns.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola técnica de Administración Xeral o 30 de xuño de 2023 e pola xefa de área de contratación e novos proxectos o 3 de xullo de 2023.

3º.- Autorizar o gasto total de CATROCENTOS TRECE MIL CINCO CENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (413.563,74 €)., sendo o importe correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (71.775,52 €). como orzamento base de licitación, con cargo as aplicacións 3360.2100001, 3360.2100002, 3360.2100004 e 3360.2120001.

2023	68.318,14 euros
2024	207.147,33 euros
2025	138.098,27 euros

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 20 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do

servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307) na seguinte orde descendente:

Orden	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.	87,20
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	85,32

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 30 de setembro e o 2 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 10 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas que se abstén,

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Concello de Vigo

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 4 e 12 de setembro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307) por un prezo total do contrato de 386.764,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.124,47 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(845).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me-if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez